Ademais, a nivel normativo establécense medidas que inciden sobre algunhas das causas dos problemas detectados na demarcación no relativo á protección e conservación dos bosques de ribeira, como son as limitacións para as plantacións de determinados cultivos arbóreos, incluído o de eucaliptos, e labores agrícolas nas marxes dos ríos co fin de avanzar



na definición dunha banda de protección fluvial libre daqueles usos que impliquen unha deterioración do ecosistema fluvial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:49:21
Nº Rexistro: 58404
Data envío: 28/08/2023 11:49:21.224

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:49:00

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 49263**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"os criterios da Axencia Galega de Infraestruturas para a escolla dos convenios que asina cos concellos"**, (publicada no BOPG número 454, do 15 de febreiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Cada un dos convenios subscritos pola Axencia Galega de Infraestruturas con concellos galegos busca solucionar unha problemática relevante desde o punto de vista da seguridade viaria e da funcionalidade da rede de estradas; ou ben vai asociada a cambios de titularidade de treitos da rede autonómica que se transfire á entidade local correspondente; ou se trata de actuacións sobre a propia rede de estradas ou a súa contorna, nas que os concellos colaboran para o seu desenvolvemento coa achega dos terreos necesarios para a execución das obras. En calquera caso os convenios supoñen unha partida mínima no conxunto do orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas.

Hai que salientar tamén que, en cumprimento da normativa vixente, os convenios de colaboración subscritos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e os distintos concellos galegos teñen que publicarse no Diario Oficial de Galicia, na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:48:15
Nº Rexistro: 58401
Data envío: 28/08/2023 11:48:15.678

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:47:52

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 49267**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"a elaboración pola Xunta de Galicia dalgún estudo sobre as concesións hidroeléctricas extinguidas"**, (publicada no BOPG número 454, do 15 de febreiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A tramitación dos expedientes de extinción realízase de conformidade co disposto nas previsións legais e regulamentarias correspondentes, resultando de aplicación, en concreto, o texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, o Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril (en diante RDPH), e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O procedemento de extinción, regulado polo artigo 161 e seguintes do RDPH, establece a necesidade de realizar unha visita de recoñecemento sobre o terreo, da que se levanta a preceptiva acta do estado das instalacións para cada expediente de extinción. Posteriormente, e de acordo co establecido no antedito texto legal, e en base á visita realizada e aos escritos presentados durante o trámite de información pública, o Servizo encargado do Organismo de conca informa sobre as reparacións necesarias e as servidumes afectadas en cada un dos aproveitamentos obxecto de extinción.

No dito momento procedemental a Administración hidráulica analiza de forma global, entre outros asuntos, as propostas razoadas sobre o futuro do aproveitamento hidroeléctrico, existindo a posibilidade de que a Administración, baseándose nos correspondentes estudos técnicos elaborados ao efecto, considere viable a pervivencia da explotación. Tamén cabe a posibilidade que tras as análises e estudos de viabilidade, realizados pola Administración hidráulica, estes arroxen un resultado negativo sobre a continuidade da explotación, suposto no que cabe a posibilidade de esixir ao titular concesional a reposición ao estado



primitivo da zona de implantación e de afección do aproveitamento, mediante a demolición das instalacións, sempre en coordinación e tendo presente o criterio do órgano da Administración responsable de velar pola conservación e protección da natureza.

Polo tanto, en cada un dos expedientes de extinción da concesión de augas con fins hidroeléctricos, ao tratarse de procedementos administrativos moi extensos, lévase a cabo unha análise pormenorizada de cada caso, sempre seguindo a lexislación sectorial de aplicación, tanto dende unha perspectiva ambiental como dende un punto de vista técnico, sen descartar de xeito preliminar ningún posible uso nin tampouco a recuperación do curso fluvial, conxugando sempre a preservación do recurso hídrico e o interese xeral.

A día de hoxe, na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, atópanse resoltos todos os expedientes de extinción daqueles aproveitamentos hidroeléctricos cuxo fin de prazo concesional é anterior á data actual, emitíndose a correspondente resolución culminatoria do procedemento.

Os saltos en cuestión son os de Güimil (no río Lambre), Anllóns (no río Anllóns), Fervenzas (no río Vexo), La Castellana (no río Mandeo) e Ponte Inferno (no río Verdugo). Asemade, atópase en curso o expediente de extinción por fin do prazo concesional do aproveitamento hidroeléctrico de San Bartolomé (no río San Bartolomé)“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:47:20
Nº Rexistro: 58398
Data envío: 28/08/2023 11:47:20.490

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:47:18

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 49307**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Alberto Pazos Couñago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da instalación dunha nova pasarela peonil de acceso ao Colexio Santiago Apóstol no Concello de Soutomaior"**, (publicada no BOPG número 454, do 15 de febreiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta adxudicou por preto de 400.000 euros a execución das obras da nova pasarela peonil na estrada autonómica PO-244, situada nunha zona moi próxima ao colexio Santiago Apóstolo, no concello de Soutomaior, que, cun prazo de execución de 6 meses, estará rematada no primeiro trimestre de 2024".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:46:45
Nº Rexistro: 58396
Data envío: 28/08/2023 11:46:45.474

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:46:33

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 49365**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración por parte do Goberno galego respecto da taxa de actividade en Galicia"**(publicada no BOPG número 454 do 15 de febreiro de 2023)convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Enquisa de Poboación Activa do 2º trimestre de 2023 presenta o mellor escenario posible na súa evolución anual: incremento da poboación activa, xunto cun aumento da ocupación e un descenso do paro.

O número de ocupados situouse en 1.130.200 traballadores, con 25.000 empregados máis, de xeito que a taxa de emprego aumenta ata o 48,12, e a de actividade tamén aumenta situándose nun 53,22 e reflectindo un número superior de persoas activas (anualmente subiron 5.200).

No último ano creouse emprego, pero ademais esta creación supuxo unha mellora na calidade do emprego creado. O feito máis relevante foi forte incremento da contratación indefinida.

O número de persoas paradas diminuíu en 19.700 persoas con respecto a hai un ano, o que supón que o número de desempregados en Galicia situouse en 119.700, a cifra máis baixa nun segundo trimestre desde 2008 (108.100). Pola súa banda, a taxa de paro situouse no 9,58, o que supón baixar máis dun punto e medio con respecto ao 11,2 de hai un ano. Hai 15 anos que non se rexistraba nun 2º trimestre unha taxa tan baixa.

Polo que respecta á taxa de paro das mulleres, tamén constatamos unha evolución positiva: en Galicia representa o 10,29 mentres que no conxunto do Estado é do 13,16,



2,87 puntos superior. Ademais, a diferenza con respecto á taxa masculina é de 1,38 puntos, mentres que no Estado a fenda é de máis do dobre: 2,97.

A evolución do paro feminino tamén foi mellor que a rexistrada no conxunto do Estado: a taxa de paro das mulleres galegas caeu no último ano (-1,62) en maior medida que a do Estado (-0,99).

No que atinxe á situación laboral da mocidade galega, o desemprego tamén amosa unha evolución positiva:

A taxa de paro dos menores de 25 anos sitúase no 24,28% (inferior á do Estado que foi do 27,94%); diminúe 10,6 puntos respecto ao 2º trimestre de 2022. Este descenso foi notablemente superior ao rexistrado nas taxa estatal que apenas chegou ao 0,58 puntos.

Esta senda de crecemento do emprego ven acompañada por unha importante mellora da calidade do emprego xerado. Observamos un incremento da ocupación indefinida e a ocupación a xornada completa. No último ano creouse emprego, pero ademais esta creación supuxo unha mellora na calidade do emprego creado. O feito máis relevante foi o incremento da contratación indefinida que medrou en 61.700 asalariados, un 8,59%; mentres que os asalariados temporais caeron en 35.500; o que supón o maior número de indefinidos rexistrados dende o inicio da serie histórica en 2002 (780.200 asalariados con contrato indefinido).

Esta evolución do emprego indefinido en Galicia, enmárcase dentro dun panorama xeral que sitúa a Galicia cunha maior porcentaxe de indefinidos que a que reflicte o conxunto do Estado. En Galicia representan o 84,3% do total de asalariados, mentres que a porcentaxe do total nacional é dun 82,7%.

Outro indicador que mide a calidade do emprego xerado é a contratación a tempo completo.

A ocupación a xornada completa creceu no último ano en 19.400 persoas. A porcentaxe de ocupados a xornada completa no 2º trimestre de 2023 foi do 85,8%; é dicir, afecta a máis de catro de cada cinco ocupados galegos.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Esta boa evolución percíbese nos núcleos familiares. Neste sentido, constatamos como a última EPA, tamén mellora a situación dos fogares con respecto ao mesmo trimestre do 2022. O descenso do paro reflíctese nos fogares, así o número de fogares con todos os activos parados descende en 4.800 (un 9,14% menos). Con este descenso situámonos en 47.700 o 4,23% do total de fogares galegos.

Pola súa parte, os fogares con todos os activos ocupados tamén rexistraron unha evolución positiva, aumentaron no último ano en 16.300 (un 2,56% máis), situando a cifra destes fogares en 652.900. A porcentaxe que supoñen sobre o total de fogares galegos é do 57,93%, o mellor dato nun 2º trimestre dende o 2010.

Con respecto ás persoas paradas de longa duración, Galicia reflicte un descenso de 13.000 persoas, o que supón unha baixada da poboación parada de longa duración dun 20,47%, deixando este colectivo nun total de 50.500.

Na evolución trimestral os datos tamén son positivos, Galicia gaña poboación activa, aumenta a ocupación e cae o paro.

A ocupación sube trimestralmente en 26.500 persoas (+2,40%). Esta subida intertrimestral de ocupación é a segunda mellor nun 2º trimestre de toda a serie histórica de datos, en termos absolutos e a terceira en relativos.

A poboación activa tamén sube trimestralmente en 11.200 persoas (+0,90%).

Neste trimestre baixa o número de parados en -15.400 persoas (-11,40%). Trátase da maior baixada en termos relativos para este trimestre dende 2007 (2007TII: -12,85%)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 12:37:56
Nº Rexistro: 58447
Data envío: 28/08/2023 12:37:56.896

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 10:37:54

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 49469**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"a falta de cría de mexilla e a súa baixa calidade"**, (publicada no BOPG número 454, do 15 de febreiro de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 28 de febreiro de 2023, no debate da iniciativa con número de rexistro, 49287, na comparecencia do director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, por petición propia.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDA0NWFLZTctY2NmNi00YWFKLTgzMzQtNTY5Mjl2OWRjN2Vl&start=64>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as medias propostas para o avance na disposición da mexilla".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:13:32
Nº Rexistro: 58669
Data envío: 31/08/2023 10:13:32.298

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:13:29

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 49713**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a execución dos fondos europeos de apoio ao sector pesqueiro galego"**, (publicada no BOPG número 458, do 22 de febreiro de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 18 de abril de 2023, no debate da iniciativa con número de rexistro, 45426, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZGVhZjMyMzQtOWFhOS00ZmE1LWExZWQtNzVmZGUzMzlhOTky&start=202>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a xestión dos fondos europeos de apoio ao sector pesqueiro galego".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:13:18
Nº Rexistro: 58667
Data envío: 31/08/2023 10:13:18.923

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:13:16

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 49719**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para que se poña en funcionamento o seguro colectivo co fin de cubrir perdas económicas no sector marisqueiro"**, (publicada no BOPG número 458, do 22 de febreiro de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 4 de abril de 2023, no debate da iniciativa con número de rexistro, 45437, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzhmN2QwZWUtM2Q5MS00YjBmLWI2M2YtZGQxYTcyYjAzODU1&start=2126>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as xestións da Xunta de Galicia para impulsar o seguro colectivo co fin de cubrir perdas económicas no sector marisqueiro".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:13:11
Nº Rexistro: 58666
Data envío: 31/08/2023 10:13:11.892

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:13:08

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 49722**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa frota pesqueira galega afectada pola prohibición da pesca de artes de fondo en oitenta e sete caladoiros do Atlántico nororiental"**, (publicada no BOPG número 458, do 22 de febreiro de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 20 de setembro de 2022, no debate da iniciativa con número de rexistro, 37587.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmY5MmlwNjYtZDI2ZC00MGMzLWI0NTAtYTNIYjAwYWFKNGQ2&start=277>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a previsión de Portos de Galicia en relación co servizo de transporte de pasaxeiros entre as vilas da Guarda e Caminha".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:13:01
Nº Rexistro: 58665
Data envío: 31/08/2023 10:13:01.126

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:12:58

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 49726**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para rematar cos incumprimentos e coas irregularidades nos contratos licitados no transporte público por estrada de Galicia"**, (publicada no BOPG número 458, do 22 de febreiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 51737, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 493, do 12 de maio de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:46:28
Nº Rexistro: 58395
Data envío: 28/08/2023 11:46:28.428

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:46:05

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 49913**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto da calidade do servizo público de transporte"**, (publicada no BOPG número 458, do 22 de febreiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 51737, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 493, do 12 de maio de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:46:01
Nº Rexistro: 58394
Data envío: 28/08/2023 11:46:01.568

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:45:48

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 49949**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Manuel Lourenzo Sobral e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para construír un transporte fluvial estable e permanente entre A Guarda e Camiña"**, (publicada no BOPG número 458, do 22 de febreiro de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 20 de setembro de 2022, no debate da iniciativa con número de rexistro, 37587.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmY5MmlwNjYtZDI2ZC00MGMzLWI0NTAtYTNlYjAwYWFKNGQ2&start=277>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a previsión de Portos de Galicia en relación co servizo de transporte de pasaxeiros entre as vilas da Guarda e Caminha".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:12:40
Nº Rexistro: 58662
Data envío: 31/08/2023 10:12:40.532

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:12:38

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 50009**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para introducir cláusulas de igualdade e sociais na contratación pública"**, (publicada no BOPG número 458, do 22 de febreiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O proceso de Diálogo Social en Galicia aborda distintas cuestións relevantes en prol do desenvolvemento social e económico de Galicia, incluíndo a consecución dunha contratación pública responsable. En decembro de 2019 a Xunta de Galicia e os interlocutores sociais máis representativos participantes no proceso asinaron, entre outros, catorce acordos entre os que se incluía o "Acordo relativo á contratación pública socialmente responsable no sector público galego". O obxectivo é fomentar unha contratación pública socialmente responsable no sector público galego a través da promoción de cláusulas sociais que xeren condicións laborais de igualdade entre mulleres e homes que promovan un emprego estable e de calidade nas empresas que executan contratos públicos.

Para facer efectivo este acordo constituíuse a mesa segunda de seguimento das cláusulas sociais na contratación pública en Galicia. Esta mesa, de carácter tripartito, integrada polos membros do diálogo social, ten a seguinte composición:

- Catro persoas en representación da Xunta de Galicia.
- Dúas persoas en representación da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG).
- Unha persoa en representación de UGT Galicia.
- Unha persoa en representación do SN de CCOO de Galicia.



A coordinación técnica da mesa exercea a persoa representante da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Xunta de Galicia

As funcións da mesa son, entre outras, as seguintes:

- Avaliar periodicamente o funcionamento de cláusulas sociais nos contratos públicos do sector público en Galicia, especialmente no eido da administración autonómica e local.
- Analizar a evolución da xurisprudencia respecto das cláusulas sociais, incluíndo os pronunciamentos dos tribunais administrativos e do poder xudicial ao respecto.
- Coñecer os problemas prácticos e as vantaxes das diferentes cláusulas que se vaian incorporando e que sexan detectadas ben polos órganos de contratación, ben polas empresas ou polos representantes das persoas traballadoras.
- Poñer en coñecemento da Administración de deficiencias observadas polos axentes sociais nos procesos de contratación.
- Realizar unha análise orzamentaria sectorial dos pregos que permita valorar ou detectar cuestións que poidan ser obxecto de mellora ou dalgunha acción por parte dos interlocutores sociais ou da propia Administración.
- Propoñer actuacións e medidas de difusión e sensibilización para a favorecer a introdución de cláusulas sociais en todos os niveis da administración pública en Galicia.
- Rexistrar a actividade contractual autonómica no referente á contratación pública socialmente responsable, elaborando un informe con datos sobre a efectiva introdución das cláusulas nos distintos procedementos.
- Supervisar a elaboración dun informe sobre a contratación pública responsable en Galicia, avaliando o seu avance e grado de implementación.

Nas distintas xuntanzas que se levaron a cabo, os interlocutores sociais realizaron





observacións sobre os procesos de contratación e avaliáronse os problemas prácticos e as vantaxes das diferentes cláusulas sociais (incluíndo cláusulas en materia de igualdade) que se podan incorporar nos pregos. Ademais traballouse de xeito conxunto para elaborar unha actualización da "Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico galego".

Esta actualización da guía, unha vez consensuada con todos os membros da mesa, vai constituír un documento de apoio eminentemente práctico dirixido ao persoal técnico da administración pública de Galicia que participe nos procedementos de contratación, especialmente na redacción de pregos. A guía vai facilitar aos órganos técnicos do sector público galego a introdución de cláusulas sociais, dándolle tanto orientación (que cláusulas son as máis axeitadas para cada licitación e como deben introducirse no procedemento) como seguridade xurídica e fomentará unha contratación pública socialmente responsable nas distintas fases da contratación cun enfoque práctico e directo e que sirva, ao mesmo tempo, para demostrar o compromiso da Administración Pública Autonómica coa igualdade de xénero, a conciliación da vida laboral, persoal e familiar e da corresponsabilidade, as políticas laborais, a inclusión social, os dereitos das persoas con discapacidade, a accesibilidade universal e o crecemento sostible.

Salientar, ademais, que o proxecto de Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, prevé a promoción da igualdade no mercado de traballo a través da contratación do sector público autonómico a través da incorporación da perspectiva de xénero nos seus contratos en calquera das súas fases, o que inclúe a definición do obxecto do contrato, o procedemento da licitación e a fase de execución, a través da inclusión dos seguintes elementos nos pregos:

a) Criterios de adxudicación que permitan valorar a calidade das características sociais do contrato referidas ás concretas medidas que se apliquen na súa execución para a consecución da igualdade entre homes e mulleres así como para o fomento da contratación feminina.



b) Criterios que permitan resolver o empate entre dúas ou máis ofertas tras a aplicación dos criterios de adxudicación, referidos a aquelas proposicións das empresas que inclúan medidas de carácter social e laboral que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

c) Condicións especiais de execución do contrato dirixidas a eliminar as desigualdades do home e da muller no mercado de traballo correspondente ao sector de actividade do contrato, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre homes e mulleres no traballo; promover a maior participación da muller no mercado laboral; combater o paro que lles afecta ás mulleres.

Tamén prevé que os órganos de contratación establezan, cando sexa posible, como condicións especiais de execución do contrato as seguintes:

a) O compromiso da empresa adxudicataria de presentar no momento de formalización do contrato un protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual, acoso por razón de sexo ou por orientación sexual, no ámbito de desenvolvemento do contrato.

b) O compromiso do adxudicatario de incluír nas accións de prevención de riscos laborais e saúde laboral a perspectiva de xénero”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:44:58
Nº Rexistro: 58391
Data envío: 28/08/2023 11:44:58.068

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:44:45

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 50054**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha de accións para minimizar o impacto que a crise está a ter na actividade pesqueira"**, (publicada no BOPG número 458, do 22 de febreiro de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento, celebrado o 22 de marzo de 2022, no debate da iniciativa con número de rexistro, 32205, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDVjMjhjODMtMWFiZS00OTQ0LWExM2UtZGI1YmY4MDhhYzcx&start=3616>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación que está a vivir o sector pesqueiro".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:12:34
Nº Rexistro: 58661
Data envío: 31/08/2023 10:12:34.423

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:12:31

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 50069**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da incidencia das instalacións eólicas mariñas no sector pesqueiro"**, (publicada no BOPG número 458, do 22 de febreiro de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi sustanciado:

Na resposta dada á iniciativa número de rexistro 32223, presentada polo mesmo grupo parlamentario, que foi convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022.

Na resposta dada á iniciativa número de rexistro 38965, presentada polo mesmo grupo parlamentario, que foi convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:12:27
Nº Rexistro: 58660
Data envío: 31/08/2023 10:12:27.423

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:12:25

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 50073**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns de non estar delimitada a zona de baño da praia de Silgar, en Sanxenxo, o pasado 15 de abril"**, (publicada no BOPG número 458, do 22 de febreiro de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi sustanciado na resposta dada á iniciativa número de rexistro, 33774, presentada polo mesmo grupo parlamentario, que foi convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:12:21
Nº Rexistro: 58659
Data envío: 31/08/2023 10:12:21.142

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:12:18

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 50085**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a recuperación das garantías ambientais e de participación cidadá na tramitación de proxectos eólicos e fotovoltaicos"**(publicada no BOPG número 458 do 22 de febreiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A zonificación ambiental da implantación das renovables non tivo repercusión dentro dos expedientes tramitados pola Administración autonómica porque para acadar a maior seguridade posible na tramitación dos expediente de enerxías renovables segue a aplicar a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación á tramitación ambiental que deben seguir os proxectos sen ter en conta si se atopan en zona de baixa afección ou non.

Polo que en todos aqueles proxectos que se sometan a un trámite ambiental recompílanse os informe necesarios para a súa avaliación ambiental. Así mesmo sométense en función da normativa de aplicación a información pública aqueles proxectos que pola súa envergadura se atopan dentro do artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico.



No caso en concreto dos parques eólicos, no que respecta á participación do público no procedemento de avaliación ambiental, cómpre sinalar que a normativa que rexe este procedemento incorpora as disposicións previstas no convenio Aarhus sobre o acceso á información, a participación pública na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, polo que os dereitos que nel se establecen quedan debidamente garantidos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 12:30:05
Nº Rexistro: 58738
Data envío: 31/08/2023 12:30:05.282

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 10:30:01

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 50172**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmela González Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as accións levadas a cabo polo Goberno galego para facer cumprir a obrigatoriedade de que as empresas de máis de 50 persoas traballadoras teñan rexistrado un plan de igualdade"**, (publicada no BOPG número 458, do 22 de febreiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Sen ningún tipo de dúbida os plans de igualdade son unha ferramenta necesaria para conseguir a igualdade ao permitir coñecer nas empresas o posicionamento das mulleres respecto a temas tan importantes como as brechas salariais ou a discriminación de xénero e o diagnóstico de cuestións de relevancia como os sistemas de acceso e ascenso dentro da empresa, sistemas de clasificación profesional igualitario ou o axeitamento do plan de formación.

Aínda que a lei orgánica de igualdade no ano 2007 xa impuxo a obriga de realizar os plans non é realmente ata a promulgación dos RD 901 e 902/2020 onde se concretan as obrigas establecendo novidades como a de reducir o tamaño da empresa obrigada de 250 traballadores a 50 o que incrementou en Galicia o número de empresas obrigadas a realizar o plan de 273 empresas a 1747 de acordo cos datos que facilita o Instituto Galego de Estatística.

Na actualidade consta o rexistro duns 357 plans, atopándose en tramitación un 10% mais desa cantidade.

As causas desta dilación son variadas (procesos de negociación problemáticos, empresas con centros de traballo en distintas partes do territorio do Estado..) pero un dato importante é que nas empresas sen representantes legais dos traballadores os sindicatos mais representativos que asumirían a negociación non son capaces pola súa falta de medios humanos de asistir, facendo imposible deste modo a realización efectiva do plan.

As actuacións realizadas por parte da Xunta para garantir a efectiva implantación dos Plans



son variadas:

- Subvencións para a creación de gabinetes de igualdade en sindicatos e CEG
- Formación na materia a través do campus on line de igualdade con distintos tipos de cursos. Así no básico de 8 horas xa imos por 2332 persoas formadas. No curso de 35 horas dirixido a representantes dos sindicatos e da CEG xa se certificou a 441 persoas.
- Publicación de 3 guías e 8 trípticos.
- Curso teórico práctico de acoso sexual e por razón de sexo con 545 persoas formadas
- Curso especialista en igualdade de 150 horas impartido pola Universidade de Vigo

E outras moitas actuacións que desenvolvéronse durante estes dous últimos anos.

Finalmente e xa en outro orden de actuacións a inspección de traballo pronostica a través do seu plan de actuacións para 2023 un total de 397 referidas á igualdade, ascendendo un 6% respecto ás do ano pasado, sendo que ata a data no ano 2023 realizáronse 45 actuacións con 17 requirimentos e 1 acta de infracción. No ano 2022 fixéronse 185 actuacións en medidas e plans de igualdade, con 11 actas de infracción e 56 requirimentos.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2023 10:27:16
Nº Rexistro: 58502
Data envío: 29/08/2023 10:27:16.046

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2023 8:27:13

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 50192**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona ría Carreira Pazos sobre **"as intencións da Consellería de Emprego e Igualdade de inspeccionar de oficio, a través do órgano correspondente, as instalacións da empresa Surexport co fin de garantir a protección da saúde laboral dos traballadores"**(publicada no BOPG número 461 do 1 de marzo de 2023)convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Nas funcións do Issga, como órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais, destacan as do ámbito preventivo consistentes en campañas de sensibilización, información e asesoramento técnico sobre os distintos riscos e abordados consonte as diversas especialidades preventivas nos lugares de traballo e por outra banda as actuacións de carácter reactivo, como son a investigación dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais. Mencionar tamén a elaboración de programas específicos dirixidos a sectores, actividades, por riscos e por colectivos para acadar unha mellora na xestión preventiva nos centros de traballo. No caso de denuncias, estas deben ser tramitadas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social e o Issga cando así llo solicita o persoal inspector actuante prestarlle a asistencia técnica que lle require.



No caso da empresa pola que se pregunta, Surexport, o Issga foi requirido pola Inspección de Traballo para prestar asistencia técnica nas súas actuacións e procedemento que o órgano inspector está a liderar e sempre no relativo á normativa de prevención de riscos laborais, así como a colaborar coa autoridade xudicial a través do correspondente asesoramento técnico”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2023 10:27:08
Nº Rexistro: 58501
Data envío: 29/08/2023 10:27:08.358

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2023 8:27:03

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 50203**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para realizar un estudo sobre a situación da produción marisqueira da ría de Ortigueira"**, (publicada no BOPG número 461, do 1 de marzo de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi sustanciado na resposta dada á iniciativa número de rexistro 37172, presentada polo mesmo grupo parlamentario, que foi convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2022".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:12:14
Nº Rexistro: 58658
Data envío: 31/08/2023 10:12:14.173

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:12:11

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 50204**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para a recuperación da produción marisqueira da ría de Ferrol"**(publicada no BOPG número 461 do 1 de marzo de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi sustanciado na resposta dada á iniciativa número de rexistro 37022, presentada polo mesmo grupo parlamentario, que foi convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 13:42:19
Nº Rexistro: 58791
Data envío: 31/08/2023 13:42:19.313

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 11:42:16

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 50206**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as medidas que se van tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol"**, (publicada no BOPG número 461, do 1 de marzo de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi sustanciado:

Na resposta dada á iniciativa número de rexistro 34268, presentada polo mesmo grupo parlamentario, que foi convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022.

Na resposta dada á iniciativa número de rexistro 37018, presentada polo mesmo grupo parlamentario, que foi convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2022".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:12:07
Nº Rexistro: 58657
Data envío: 31/08/2023 10:12:07.720

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:12:05

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 50212**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a transparencia e a información respecto da sociedade privada en que a Xunta de Galicia residencia a selección das iniciativas galegas para impulsar os fondos europeos de reactivación económica"**, (publicada no BOPG número 461, do 1 de marzo de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A Sociedade Impulsa Galicia é unha sociedade en cuxo capital participan a Xunta de Galicia (40 %), Abanca (38 %), Reganosa (12 %) e Sogama (10 %); polo que, de acordo coa normativa vixente, a sociedade non forma parte do sector público autonómico.

A Sociedade Impulsa Galicia é un instrumento de colaboración público-privada que naceu para responder ao gran reto de transformación do tecido produtivo da Comunidade galega aproveitando a oportunidade dos fondos Next Generation.

De feito, o cometido de Impulsa Galicia é axilizar e facilitar a execución de todas as fases de proxectos industriais estratéxicos susceptibles de ser implantados en Galicia para xerar riqueza e emprego, acompañando aos socios líderes de cada un deles, e incorporándoos ao tecido empresarial galego.

Esa é, precisamente, a actividade principal da sociedade: o impulso e desenvolvemento de proxectos empresariais estratéxicos con capacidade de dinamizar o cambio cara a unha Galicia máis verde e unha Galicia máis dixital.

Este impulso lévase a cabo cunha serie de actuacións:

- Identificando oportunidades en Galicia.
- Captando investimentos.



- Conseguindo socios industriais.
- E promovendo a colaboración entre institucións públicas e privadas para acompañar o desenvolvemento dos proxectos.

É un bo sinal que unha sociedade que existan proxectos industriais estratéxicos, xa en tramitación, dos que foron identificados pola Sociedade Impulsa, polo que é indubidable que o resultado para Galicia da posta en marcha desta sociedade é moi positivo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2023 10:26:59
Nº Rexistro: 58500
Data envío: 29/08/2023 10:26:59.015

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2023 8:26:54

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 50308**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para mellorar o tráfico portuario, a descarga de mercadorías e a actividade laboral e industrial no porto comercial da Pobra do Caramiñal"**, (publicada no BOPG número 461, do 1 de marzo de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 20 de xuño de 2023, no debate da iniciativa con número de rexistro, 50306, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDJkYmVkODUtZTQ1ZC00NTNlThjYzYtMGYxODQwMTBmMWFj&start=4290>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as medidas hixiénico-sanitarias que pretende implantar o Goberno do Estado respecto da operativa de descarga de túnidos enteiros conxelados a granel".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:11:52
Nº Rexistro: 58655
Data envío: 31/08/2023 10:11:52.782

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:11:49

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 50321**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a diagnose do Goberno galego respecto da fenda salarial entre mulleres e homes nomeadamente as mulleres galegas"**, (publicada no BOPG número 461 do 1 de marzo de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A existencia da fenda salarial é unha realidade que non se pode negar, contemplándose incluso en Estados con moitos mais avances nesta materia que o noso como poden ser os países nórdicos. Pero tamén é certo que esta Consellería dende un primeiro momento está a por as medidas para que pouco a pouco dita fenda vaia diminuindo.

Desta forma dende o ano 2021 abriuse unha nova vía de axudas para a creación de gabinetes de igualdade polos sindicatos máis representativos e a CEG por un total de 400.000 euros, que se repiten de forma anual.

Tamén serven para actuar sobre a fenda salarial as axudas en formación en negociación colectiva e diálogo social con 584.213 euros anuais, sendo que ademais na orde reguladora contemplase como materia prioritaria para o outorgamento das axudas aquelas actuacións que incidan sobre a fenda salarial entre outras.

Por outra banda dentro do campus on line de formación en materia de igualdade entre outras actuacións caben destacarse as seguintes:

- Curso en liña en materia de plans de igualdade con 441 persoas certificadas ata a data.
- Formacións modulares de 2 a 4 horas de duración con máis de 4000 certificados.



-Curso de especialista impartido pola Universidade de Vigo de 150 horas con alumnado dos sindicatos máis representativos e a CEG

-Curso práctico en materia de rexistro salarial, auditoría e valoración de postos de 75 horas de duración.

-Xornadas presenciais e híbridas como por exemplo a que se desenvolveu na Coruña sobre igualdade salarial para conmemorar o día da igualdade salarial.

- Mesa redonda dentro do foro que tivo lugar na Coruña no mes de xuño con participación dos sindicatos e a CEG sobre a negociación colectiva como mecanismo de rotura da infrarepresentación feminina e a fenda salarial.

Puidemos presumir polo tanto de ser unha Comunidade Autónoma que está a impartir unha formación práctica e teórica da máxima calidade debido a que os relatores son os máis especializados non só de Galicia senón tamén do Estado, sendo que ademais estamos convencidos de que a necesidade de evolución nestes problemas solo é posible a través dun coñecemento real da normativa de aplicación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:44:18
Nº Rexistro: 58389
Data envío: 28/08/2023 11:44:18.521

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:44:06

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 50632**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o mantemento da actividade produtiva e do emprego nas fábricas de XEAL, en Cee e Dumbría, após a retirada do guindastre do porto de Brens"**, (publicada no BOPG número 465, do 8 de marzo de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 10 de febreiro de 2023, no debate da iniciativa con número de rexistro, 46983, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MDQzYzhjNmYtNGYyOC00NDlkLWE2ZmltMWNjMTEwOGMwODdj&start=1476](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDQzYzhjNmYtNGYyOC00NDlkLWE2ZmltMWNjMTEwOGMwODdj&start=1476)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre o servizo de practicaxe portuario nos portos de Cee, Corcubión, Corme e Laxe".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:11:36
Nº Rexistro: 58654
Data envío: 31/08/2023 10:11:36.626

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:11:34

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 50646**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego para garantir a actividade ordinaria e a competitividade comercial do porto de Brens, en Cee"**, (publicada no BOPG número 465, do 8 de marzo de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 10 de febreiro de 2023, no debate da iniciativa con número de rexistro, 46983, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDQzYzhjNmYtNGYyOC00NDlkLWE2ZmltMWNjMTExOGMwODdj&start=1476>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre o servizo de practicaxe portuario nos portos de Cee, Corcubión, Corme e Laxe".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:11:21
Nº Rexistro: 58652
Data envío: 31/08/2023 10:11:21.595

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:11:17

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 50716**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia de aprobar os cinco proxectos de parques eólicos promovidos polas empresas Greenalia e Galenergy, situados no monte do Gato (Oza-Cesuras, Aranga e Coirós)"**(publicada no BOPG número 465 do 8 de marzo de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"En relación á fragmentación dos expedientes dos parques eólicos, cómpre efectuar as seguintes consideracións:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, define o fraccionamento de proxectos como o "mecanismo artificioso de división dun proxecto co obxectivo de evitar a avaliación de impacto ambiental ordinaria, no caso de que a suma das magnitudes supere os limiares establecidos no Anexo I". O pretendido fraccionamento tería como fin último eludir a avaliación ambiental ordinaria. Porén no caso de parques eólicos próximos entre si, non é posible (mediante o fraccionamento) evitar o seu sometemento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental, pola obriga de considerar os efectos sinérxicos ou acumulativos con outros parques xa construídos e/ou avaliados.

Así, no ámbito dos parques eólicos, o referido Anexo I establece que estarán sometidas á avaliación ambiental ordinaria, entre outras, as "Instalacións para a utilización da



forza do vento para a produción de enerxía (parques eólicos) que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou que teñan máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental”.

Polo tanto, no caso das instalacións de aproveitamento eólico, o fraccionamento que se alega de adverso non produce os efectos denunciados (evitar que o proxecto teña que ser sometido a unha avaliación ambiental ordinaria).

Por outra banda, a Lei 21/2013 obriga a que os estudos de impacto ambiental que presenten os promotores deban contemplar os efectos sinérxicos ou acumulativos derivados da existencia doutros parques eólicos ou outro tipo de instalacións nas proximidades. Polo tanto, ese suposto “partimento” dos proxectos non evita que a avaliación ambiental deba ter en conta o efecto derivado da proximidade doutras instalacións e infraestruturas.

O proxecto do parque eólico conta cun estudo de sinerxías incluído no estudo de impacto ambiental cunha zona de estudo dos parques eólicos e liñas eléctricas situadas na súa contorna.

Cómpre sinalar que nada impide, desde o punto de vista da lexislación ambiental e do sector eléctrico, a execución de parques próximos entre si por parte dun mesmo ou distintos promotores e compartindo certas instalacións. Así o ten declarado o Tribunal Supremo na súa sentenza do 11 de decembro de 2013 cando di que “una cosa es que los distintos elementos e instalaciones de un parque eólico deban tener una consideración unitaria y otra que ello impida que puedan existir parques próximos y que estos puedan compartir la ubicación de algunos elementos o la línea de vertido a la red”.

Pola contra, tanto a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico como o Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, así como o Real Decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, obrigan a que se compartan as infraestruturas de evacuación, precisamente para evitar un maior impacto ambiental. En concreto, a disposición final segunda do





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Real Decreto 1183/2020, modifica o Real Decreto 1955/2000 para condicionar a autorización administrativa das infraestruturas de evacuación á presentación, por parte dos titulares de ditas liñas de evacuación, dun documento que acredite a existencia dun acordo vinculante para o uso compartido das mesmas por parte de todos os titulares de permisos de acceso e conexión na mesma posición de liña. En palabras do Alto Tribunal, na devandita sentenza do 11 de decembro de 2013, "no podría darse un tratamento separado a grupos de aerogeneradores de forma artificiosa y tratarlos como parques autónomos, o duplicar instalaciones con el mismo fin, pues ello comportaría efectivamente un fraude de ley que, al margen de su mayor impacto medioambiental, podría suponer una alteración de la competencia o una evitación de mayores exigencias medioambientales".

Pola súa parte, a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, define parque eólico como a instalación de produción de electricidade a partir de enerxía eólica, constituída por un ou varios aerogeneradores interconectados electricamente con liñas propias, que comparten unha mesma estrutura de accesos e control, con medición de enerxía propia, así como coa obra civil necesaria. Polo tanto, de acordo con esta definición, pode colixirse o carácter unitario dun parque e considerarse autónomo e independente sempre que teña capacidade de funcionamento separado, sen prexuízo de que comparta infraestruturas de evacuación con outros parques. É máis, compartir infraestruturas de evacuación supón, como é lóxico, un menor impacto ambiental, obxectivo a perseguir neste tipo de instalacións. Nesta mesma liña, a utilización de accesos comúns supón un uso máis racional do terreo, reducindo a superficies afectadas polas instalacións.

No que respecta á definición de instalacións de conexión a Lei 8/2009 remítese ao establecido no artigo 30 do mencionado Real decreto 1955/2000, entendendo por instalacións de conexión de centrais de xeración aquelas que sirvan de ligazón entre



unha ou varias centrais de xeración de enerxía eléctrica e a correspondente instalación de transporte ou distribución, incluíndo liñas e subestacións.

Ese control e revisión dos proxectos apréciase en que dos parques eólicos inicialmente sometidos a información pública que tiñan 30 aerós, da avaliación ambiental final quedaron tan só 25 aerós.

Esta Administración considera que os informes e controis aos que están sometidos os proxectos son rigorosos e exhaustivos como queda acreditado na súa tramitación.

PARQUE	PROMOTOR	Nº AEROS INICIALMENTE SOLICITADOS	Nº AEROS AUTORIZADOS
Gato	Greenalia Wind Power, SLU	6	4
Felga	Greenalia Wind Power, SLU	5	4
Penas Boas	Greenalia Wind Power, SLU	4	3
Feás	Galenergy SL	8	8
Seselle	Galenergy SL	7	6
TOTAL		30	25

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 12:29:43
Nº Rexistro: 58735
Data envío: 31/08/2023 12:29:43.095

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 10:29:40

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 50804**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os problemas que provoca o baleirado dos encoros que afectan os bancos marisqueiros"**, (publicada no BOPG número 465, do 8 de marzo de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 7 de marzo de 2023, no debate da iniciativa con número de rexistro 48403, na interpelación á Conselleira do Mar.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YjhmNzEyOGUtZDkxNC00YTA3LWFmYzctM2JjODExZDI0OTlk&start=4346>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a rexeneración dos bancos marisqueiros".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:11:13
Nº Rexistro: 58651
Data envío: 31/08/2023 10:11:13.595

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:11:10

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 50853**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia a respecto do proxecto de ampliación do dique de abrigo do porto de Malpica"**, (publicada no BOPG número 465, do 8 de marzo de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 14 de marzo de 2023, no debate da iniciativa con número de rexistro, 47066.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzNiOTkzYmltZmVlYy00Y2I3LTg0MGQtZjczMGY2MGVmZjVj&start=918>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a seguridade de embarcacións e mariñeiros no porto de Malpica".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:10:49
Nº Rexistro: 58648
Data envío: 31/08/2023 10:10:49.970

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:10:47

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 50964**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para contribuír ao mantemento da actividade e do emprego do Grupo Ganomagoga"**, (publicada no BOPG número 465 do 8 de marzo de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Dende o eido competencial da Dirección xeral de Relacións Laborais non cabe xa actuación algunha xa que a empresa atópase en concurso xudicial de acredores, téndose ampliado o prazo para a presentación de ofertas de compra da mercantil pola xuíz que leva o procedemento ata o día 31 de agosto".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:41:49
Nº Rexistro: 58382
Data envío: 28/08/2023 11:41:49.568

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:41:28

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 51045**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o impacto ambiental do parque eólico Monteagudo e outras infraestruturas en tramitación ou en funcionamento nos concellos de Carballo, Arteixo e A Laracha"**(publicada no BOPG número 467 do 15 de marzo de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O 15.03.2023 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais remitiu á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático unha solicitude de emenda de erros de transcripción na declaración de impacto ambiental do 18.01.2023.

O 04.05.2023 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais solicitoulle á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o informe para valorar a validez da declaración de impacto ambiental formulada o 18.01.2023, de acordo co artigo 52 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que foi respondido polo órgano ambiental con data 16.05.2023

Doutra banda, dáse acceso aos informes a aqueles interesados que, acreditando a súa condición, así o solicitan.

Ademais, con respecto á fragmentación do expediente do parque eólico, cómpre efectuar as seguintes consideracións:



A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, define o fraccionamento de proxectos como o "mecanismo artificioso de división dun proxecto co obxectivo de evitar a avaliación de impacto ambiental ordinaria, no caso de que a suma das magnitudes supere os limiares establecidos no Anexo I". O pretendido fraccionamento tería como fin último eludir a avaliación ambiental ordinaria. Porén no caso de parques eólicos próximos entre si, non é posible (mediante o fraccionamento) evitar o seu sometemento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental, pola obriga de considerar os efectos sinérxicos ou acumulativos con outros parques xa construídos e/ou avaliados.

Así, no ámbito dos parques eólicos, o referido Anexo I establece que estarán sometidas á avaliación ambiental ordinaria, entre outras, as "Instalacións para a utilización da forza do vento para a produción de enerxía (parques eólicos) que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou que teñan máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental".

Polo tanto, no caso das instalacións de aproveitamento eólico, o fraccionamento que se alega de adverso non produce os efectos denunciados (evitar que o proxecto teña que ser sometido a unha avaliación ambiental ordinaria).

Por outra banda, a Lei 21/2013 obriga a que os estudos de impacto ambiental que presenten os promotores deban contemplar os efectos sinérxicos ou acumulativos derivados da existencia doutros parques eólicos ou outro tipo de instalacións nas proximidades. Polo tanto, ese suposto "partimento" dos proxectos non evita que a avaliación ambiental deba ter en conta o efecto derivado da proximidade doutras instalacións e infraestruturas.

O proxecto do parque eólico conta cun estudo de sinerxías incluído no estudo de impacto ambiental cunha zona de estudo dos parques eólicos e liñas eléctricas situadas na súa contorna.

Cómpre sinalar que nada impide, desde o punto de vista da lexislación ambiental e do sector eléctrico, a execución de parques próximos entre si por parte dun mesmo ou





distintos promotores e compartindo certas instalacións. Así o ten declarado o Tribunal Supremo na súa sentenza do 11 de decembro de 2013 cando di que "una cosa es que los distintos elementos e instalaciones de un parque eólico deban tener una consideración unitaria y otra que ello impida que puedan existir parques próximos y que estos puedan compartir la ubicación de algunos elementos o la línea de vertido a la red".

Pola contra, tanto a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico como o Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, así como o Real Decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, obrigan a que se compartan as infraestruturas de evacuación, precisamente para evitar un maior impacto ambiental. En concreto, a disposición final segunda do Real Decreto 1183/2020, modifica o Real Decreto 1955/2000 para condicionar a autorización administrativa das infraestruturas de evacuación á presentación, por parte dos titulares de ditas liñas de evacuación, dun documento que acredite a existencia dun acordo vinculante para o uso compartido das mesmas por parte de todos os titulares de permisos de acceso e conexión na mesma posición de liña. En palabras do Alto Tribunal, na devandita sentenza do 11 de decembro de 2013, "no podría darse un tratamiento separado a grupos de aerogeneradores de forma artificiosa y tratarlos como parques autónomos, o duplicar instalaciones con el mismo fin, pues ello comportaría efectivamente un fraude de ley que, al margen de su mayor impacto medioambiental, podría suponer una alteración de la competencia o una evitación de mayores exigencias medioambientales".

Pola súa parte, a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, define parque eólico como a instalación de produción de electricidade a partir de enerxía eólica, constituída por un ou varios aerogeneradores interconectados electricamente con liñas propias, que comparten unha mesma estrutura de accesos e



control, con medición de enerxía propia, así como coa obra civil necesaria. Polo tanto, de acordo con esta definición, pode colixirse o carácter unitario dun parque e considerarse autónomo e independente sempre que teña capacidade de funcionamento separado, sen prexuízo de que comparta infraestruturas de evacuación con outros parques. É máis, compartir infraestruturas de evacuación supón, como é lóxico, un menor impacto ambiental, obxectivo a perseguir neste tipo de instalacións. Nesta mesma liña, a utilización de accesos comúns supón un uso máis racional do terreo, reducindo a superficie afectada polas instalacións.

No que respecta á definición de instalacións de conexión a Lei 8/2009 remítese ao establecido no artigo 30 do mencionado Real Decreto 1955/2000, entendendo por instalacións de conexión de centrais de xeración aquelas que sirvan de ligazón entre unha ou varias centrais de xeración de enerxía eléctrica e a correspondente instalación de transporte ou distribución, incluíndo liñas e subestacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 12:29:30
Nº Rexistro: 58733
Data envío: 31/08/2023 12:29:30.720

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 10:29:27

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 51094**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e don Luis Bará Torres, sobre **"a renovación da canalización das augas residuais e de choiva no lugar de Parteme na parroquia de Nocedo do Concello de Quiroga"**, (publicada no BOPG número 467, do 15 de marzo de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 51109, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 487, do 27 de abril de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:41:24
Nº Rexistro: 58381
Data envío: 28/08/2023 11:41:24.162

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:41:00

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 51156**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"os avances feitos no proceso de reversión da titularidade dos terreos portuarios non utilizados para fins marítimo-pesqueiros a dominio municipal"**, (publicada no BOPG número 467, do 15 de marzo de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 30 de maio de 2023, no debate da iniciativa con número de rexistro 51154, na interpelación á Conselleira do Mar, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OWE5ZGZmMjgtNDIyYy00NmJhLTk0YWMtMDMxYzRkNmFiNGM4&start=8447>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a reversión da titularidade de terreos portuarios de uso urbano aos concellos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:10:29
Nº Rexistro: 58645
Data envío: 31/08/2023 10:10:29.720

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:10:26

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 51184**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a fragmentación dos proxectos eólicos nomeadamente Anduriña e Zudreiro no concello de Moraña"**(publicada no BOPG número 467 do 15 de marzo de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Estes parques atópanse en tramitación e máis concretamente foron sometidos a información pública: Anduriña (25.01.2023 DOG) e Zudreiro (06.03.2023 DOG)

Os estudos de impacto ambiental de ambos parques están pendentes de obter os informes ambientais necesarios para a emisión da declaración de impacto ambiental. En todo caso, ambos parques contan con estudo sinérxicos.

Con respecto á fragmentación do expediente dos proxectos cómpre efectuar as seguintes consideracións:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, define o fraccionamento de proxectos como o "mecanismo artificioso de división dun proxecto co obxectivo de evitar a avaliación de impacto ambiental ordinaria, no caso de que a suma das magnitudes supere os limiares establecidos no Anexo I". O pretendido fraccionamento tería como fin último eludir a avaliación ambiental ordinaria. Porén no caso de parques eólicos próximos entre si, non é posible (mediante o fraccionamento) evitar o seu sometemento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental, pola obriga de



considerar os efectos sinérxicos ou acumulativos con outros parques xa construídos e/ou avaliados.

Así, no ámbito dos parques eólicos, o referido Anexo I establece que estarán sometidas á avaliación ambiental ordinaria, entre outras, as "Instalacións para a utilización da forza do vento para a produción de enerxía (parques eólicos) que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou que teñan máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental".

Polo tanto, no caso das instalacións de aproveitamento eólico, o fraccionamento que se alega de adverso non produce os efectos denunciados (evitar que o proxecto teña que ser sometido a unha avaliación ambiental ordinaria).

Por outra banda, a Lei 21/2013 obriga a que os estudos de impacto ambiental que presenten os promotores deban contemplar os efectos sinérxicos ou acumulativos derivados da existencia doutros parques eólicos ou outro tipo de instalacións nas proximidades. Polo tanto, ese suposto "partimento" dos proxectos non evita que a avaliación ambiental deba ter en conta o efecto derivado da proximidade doutras instalacións e infraestruturas.

O proxecto do parque eólico conta cun estudo de sinerxías incluído no estudo de impacto ambiental cunha zona de estudo nun radio de 15 km dos parques eólicos e liñas eléctricas situadas na súa contorna.

Cómpre sinalar que nada impide, desde o punto de vista da lexislación ambiental e do sector eléctrico, a execución de parques próximos entre si por parte dun mesmo ou distintos promotores e compartindo certas instalacións. Así o ten declarado o Tribunal Supremo na súa sentenza do 11 de decembro de 2013 cando di que "una cosa es que los distintos elementos e instalaciones de un parque eólico deban tener una consideración unitaria y otra que ello impida que puedan existir parques próximos y que estos puedan compartir la ubicación de algunos elementos o la línea de vertido a la red".





Pola contra, tanto a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico como o Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, así como o Real Decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, obrigan a que se compartan as infraestruturas de evacuación, precisamente para evitar un maior impacto ambiental. En concreto, a disposición final segunda do Real Decreto 1183/2020, modifica o Real Decreto 1955/2000 para condicionar a autorización administrativa das infraestruturas de evacuación á presentación, por parte dos titulares de ditas liñas de evacuación, dun documento que acredite a existencia dun acordo vinculante para o uso compartido das mesmas por parte de todos os titulares de permisos de acceso e conexión na mesma posición de liña. En palabras do Alto Tribunal, na devandita sentenza do 11 de decembro de 2013, "no podría darse un tratamento separado a grupos de aerogeneradores de forma artificiosa y tratarlos como parques autónomos, o duplicar instalaciones con el mismo fin, pues ello comportaría efectivamente un fraude de ley que, al margen de su mayor impacto medioambiental, podría suponer una alteración de la competencia o una evitación de mayores exigencias medioambientales".

Pola súa parte, a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, define parque eólico como a instalación de produción de electricidade a partir de enerxía eólica, constituída por un ou varios aerogeneradores interconectados electricamente con liñas propias, que comparten unha mesma estrutura de accesos e control, con medición de enerxía propia, así como coa obra civil necesaria. Polo tanto, de acordo con esta definición, pode colixirse o carácter unitario dun parque e considerarse autónomo e independente sempre que teña capacidade de funcionamento separado, sen prexuízo de que comparta infraestruturas de evacuación con outros parques. É máis, compartir infraestruturas de evacuación supón, como é lóxico, un menor impacto ambiental, obxectivo a perseguir neste tipo de instalacións. Nesta



mesma liña, a utilización de accesos comúns supón un uso máis racional do terreo, reducindo a superficie afectada polas instalacións.

No que respecta á definición de instalacións de conexión a Lei 8/2009 remítese ao establecido no artigo 30 do mencionado Real Decreto 1955/2000, entendendo por instalacións de conexión de centrais de xeración aquelas que sirvan de ligazón entre unha ou varias centrais de xeración de enerxía eléctrica e a correspondente instalación de transporte ou distribución, incluíndo liñas e subestacións.

En relación coa protección dos valores ambientais e culturais, reitérase que os dous proxectos se atopan en tramitación, pendentes aínda dos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Dirección Xeral de Patrimonio Natural. Ademais, cómpre indicar que os informes da Axencia de Turismo de Galicia do parque eólico Anduriña de data 10.04.2023 e o informe do parque eólico Zudreiro do 26.07.2023, xa contemplan as posibles incidencias que poden ter sobre esta contorna así como as medidas correctoras que deberán terse en conta.

Asemade, os dous proxectos contan con informes do Instituto de Estudos do Territorio nos que o organismo solicita cambios e medidas correctoras, pero estes aspectos aínda non están cerrados por atoparse os parques aínda en fase de recompilar informes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:10:00
Nº Rexistro: 58641
Data envío: 31/08/2023 10:10:00.126

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:09:57

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 51197**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego de adoptar novas medidas para protexer a saúde e a seguridade laboral"**(publicada no BOPG número 467 do 15 de marzo de 2023)convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia sempre baseou as políticas activas de prevención de riscos laborais na participación e consenso co tecido produtivo representado a través das organizacións do persoal traballador e da empresa, así como no rigor técnico e no coñecemento científico nas distintas disciplinas preventivas. Estas premisas informaron as estratexias galegas nesta materia e a aprobación dos plans anuais de actuación do Issga que na súa gran maioría foron acordados por unanimidade e contando con unha participación activa dos interlocutores sociais.

Neste momento debemos informar que no vindeiro mes de setembro contarase cunha nova ferramenta a medio prazo, que será a Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027 (EGSST 23-27) elaborada xunto cos axentes sociais nunha interlocución na que se incorporaron ao texto as achegas recibidas e que acadou o máximo consenso coas organizacións sindicais e empresarial galegas. Polo tanto, si dispón o Goberno galego dun marco estratéxico e dunha política activa consensuada nesta materia; a nova estratexia abordará tanto as cuestións que afecten á prevención de riscos laborais como as propias da promoción da saúde no traballo, co gallo de avanzar cara a consecución progresiva do benestar laboral e consolidar a calidade no emprego.



Esta nova estratexia galega ten como referencia os recentes marcos europeo e español, neste último, Galicia tivo un papel destacado representando na súa elaboración e negociación ás restantes comunidades autónomas.

A estrutura da estratexia, que leva como anexo un estudo da evolución da sinistralidade laboral, recolle ao seu inicio uns principios informadores transversais entre os que figura a perspectiva de xénero e a igualdade laboral, que é de aplicación a todas e cada unha das actuacións, medidas e obxectivos estratéxicos que conforman o documento froito do consenso cos interlocutores sociais e que servirá para priorizar accións nesta materia a medio prazo.

En resumo, este documento de consenso introduce unha visión para dar resposta:

- Aos novos riscos que se poden derivar das novas formas de traballo, nunha etapa de profunda transformación e, polo tanto, contempla os riscos derivados das transformacións ecolóxica, dixital e climática.
- Ao tempo deberá seguir incidindo na resposta aos riscos tradicionais para combater a sinistralidade laboral tanto no referente aos accidentes de traballo como ás enfermidades profesionais.
- Serán de actuación específica a través de plans, sectores de alto risco ou elevada sinistralidade como os de servizos, construción, industria, agricultura ou pesca
- Constituirán actividades de actuación prioritaria aquelas altamente feminizadas e as ocupadas por persoal vulnerable e aquelas que precisen dunhas accións concretas que den resposta aos seus riscos e á súa sinistralidade específica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2023 10:26:35
Nº Rexistro: 58497
Data envío: 29/08/2023 10:26:35.468

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2023 8:26:33

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 51388**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego para mellorar a seguridade viaria e peonil no concello das Neves"**, (publicada no BOPG número 471, do 22 de marzo de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 51390, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 500, do 1 de xuño de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:40:42
Nº Rexistro: 58379
Data envío: 28/08/2023 11:40:42.568

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:40:40

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 51432**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as previsións do Goberno galego de realizar as obras de mellora das condicións de seguridade no interior da dársena de Malpica de Bergantiños"**, (publicada no BOPG número 471, do 22 de marzo de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 14 de marzo de 2023, no debate da iniciativa con número de rexistro, 47066, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzNiOTkzYmltZmVlYy00Y2I3LTg0MGQtZjczMGY2MGVmZjVj&start=918>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a seguridade de embarcacións e mariñeiros no porto de Malpica".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:09:46
Nº Rexistro: 58639
Data envío: 31/08/2023 10:09:46.220

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:09:43

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 51527**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsión da Xunta de Galicia de demandar a retirada por parte do Goberno do Estado español dos Plans de Ordenación dos Espazos Marítimos aprobados o pasado 28 de febreiro"**(publicada no BOPG número 471 do 22 de marzo de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia unicamente valorará positivamente as iniciativas encamiñadas ao desenvolvemento da eólica mariña en Galicia sempre e cando cumpran coa premisa da coexistencia coas actividades que xa se veñen desenvolvendo no mar, especialmente a pesqueira.

En calquera caso, hai que ter en conta que o Parlamento de Galicia vén de aprobar a Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, coa que se concretan as súas competencias no eido do seu litoral, incluíndo, entre outras, as que poidan corresponder ás instalacións de xeración eléctrica que teñan que ocupar o mar e as súas instalacións complementarias. Precisamente, esta Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, permite ao Goberno galego dispoñer de máis capacidade de decisión, entre outros eidos, no desenvolvemento da eólica mariña, constituíndo un avance na defensa das competencias autonómicas.



Ademais, a través desta Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, así como do anteproxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, e a expensas da normativa estatal pendente de desenvolver neste eido, a Xunta de Galicia considera que ambas normas permitirán garantir a avaliación do impacto das instalacións eólicas mariñas sobre os recursos pesqueiros, así como a avaliación do impacto socioeconómico da implantación da eólica mariña en Galicia.

Ademais, debe quedar claro que a Administración autonómica considera que o desenvolvemento da eólica mariña en Galicia debe levarse a cabo baixo a premisa da coexistencia coas actividades que xa se veñen desenvolvendo no mar, especialmente a pesqueira, de xeito que poidan ser aproveitadas todas as oportunidades de impacto socioeconómico positivo no noso territorio asociadas ao desenvolvemento desta tecnoloxía dun xeito sustentable, coexistente coa actividade pesqueira e respectuoso cos nosos ecosistemas mariños.

En calquera caso, a Xunta de Galicia considera que o Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico debe aclarar e xustificar tecnicamente a idoneidade das zonas incluídas nos POEM e, de non ser así, rectificalos.

Por último, debemos sinalar que a Xunta de Galicia cumpriu co establecido no artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia dando traslado ás deputadas e deputados os datos solicitados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 12:29:15
Nº Rexistro: 58731
Data envío: 31/08/2023 12:29:15.470

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 10:29:05

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 51568**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego respecto dos incumprimentos da empresa concesionaria do transporte público na Barbanza"**, (publicada no BOPG número 471, do 22 de marzo de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 51566, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 487, do 27 de abril de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:39:51
Nº Rexistro: 58376
Data envío: 28/08/2023 11:39:51.365

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:39:30

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 51599**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego de redeseñar os accesos ao Complexo Hospitalario Universitario da Coruña para que eliminen a afectación patrimonial ao Pazo de Guyatt"**, (publicada no BOPG número 471, do 22 de marzo de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 51597, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 500, do 1 de xuño de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:38:54
Nº Rexistro: 58373
Data envío: 28/08/2023 11:38:54.365

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:38:32

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 51641**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da planificación e funcionamento do transporte interurbano de viaxeiros por estrada en Ribeira"**, (publicada no BOPG número 474, do 29 de marzo de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 51642, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 493, do 12 de maio de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:38:12
Nº Rexistro: 58371
Data envío: 28/08/2023 11:38:12.896

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:38:00

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 51739**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto dos incumprimentos e irregularidades nos contratos de transporte público por estrada"**, (publicada no BOPG número 474, do 29 de marzo de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 51737, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 493, do 12 de maio de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:37:31
Nº Rexistro: 58369
Data envío: 28/08/2023 11:37:31.428

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:37:19

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 51772**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións económicas e temporais para as obras de reparación e inspección da estrada AC-543"**, (publicada no BOPG número 474, do 29 de marzo de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xuño 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 51771, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 500, do 1 de xuño de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:36:59
Nº Rexistro: 58367
Data envío: 28/08/2023 11:36:59.818

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:36:37

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 51810**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o mantemento da estrada AC-543 ao seu paso polo concello de Rois"**, (publicada no BOPG número 474, do 29 de marzo de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xuño 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 51812, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 500, do 1 de xuño de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:36:32
Nº Rexistro: 58365
Data envío: 28/08/2023 11:36:32.834

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:36:19

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 51863**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións prevista polo Goberno galego en relación cos incumprimentos da empresa que presta os Servizo de salvamento marítimo de Galicia"**(publicada no BOPG número 474 do 29 de marzo de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Galicia é a única comunidade autónoma de España que conta cun Servizo de Gardacostas propio para tarefas de salvamento marítimo, inspección pesqueira e loita contra a contaminación mariña accidental

De feito, pon os seus medios a disposición tanto de Salvamento Marítimo do Estado (Sasemar) como doutros servizos de emerxencias para actuar naquelas operacións nas que se considera oportuno recorrer aos seus medios.

Nos seus máis de 30 anos de historia, o Servizo de Gardacostas de Galicia salvou a vida de máis de 1.700 persoas.

Para exercer o seu labor conta con medios terrestres, marítimos e tamén aéreos, entre eles dous helicópteros de salvamento marítimo (o Pesca 1, con base en Vigo, e o Pesca 2, con base en Viveiro) fundamentais para velar pola seguridade nas costas galegas. Estas aeronaves:



Están operativas as 24 horas do día e os 365 días do ano.

Contribúen a cubrir toda a costa galega e facela máis segura xa que á cobertura dos Pesca da Xunta se engade a presenza do Helimer que o Goberno central ten na Coruña.

Realizan operacións de rescate no mar, pero tamén en zonas de interior de difícil acceso aos que outros medios non son capaces de chegar. Son habituais rescates de sendeiristas ou incluso de traballadores nos montes galegos.

A subdirección xeral de Gardacostas de Galicia, como unidade responsable da execución do contrato, leva un exhaustivo control e seguimento da execución correcta do servizo nos termos establecidos nos pregos que rexen na licitación.

Tal como se esixe nos pregos a empresa comunica de forma inmediata vía telefónica calquera incidencia que afecte á operatividade das bases, e se confirma posteriormente por correo electrónico para constancia escrita.

Esta comunicación realízase ao Centro de Emerxencias do Servizo de Gardacostas e queda rexistrada no Centro de Control da empresa contratista.

Por outra parte, ao abeiro do estipulado nos pregos, a Consellería realiza periodicamente actuacións de inspección "in situ" para comprobar a correcta execución do contrato.

Como consecuencia destas actuacións de control e inspección ditáronse, ao longo da vixencia deste contrato (outubro de 2017), 6 resolucións de imposición de penalidades por incumprimentos puntuais das obrigas establecidas nos pregos de condicións.

Cando a Consellería do Mar comprobou ou tivo coñecemento dalgún incumprimento contractual procedeu a tramitar o correspondente expediente de imposición de penalidades concluindo nalgúns destes expedientes na imposición de penalidades.

Pero en ningún caso a Consellería considera que se está a producir un incumprimento sistemático por parte da empresa adxudicataria das obrigas contractuais.

De feito, se temos en conta a operatividade das bases, hai que concluír que a execución do contrato está sendo satisfactoria, como podemos comprobar cos seguintes datos de promedio anual de operatividades:





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Ano 2018: 94,61 %

Ano 2019: 94,68 %

Ano 2020: 94,80 %

Ano 2021: 95,08 %

Ano 2022: 94,73 %

Estes datos reflicten unha dispoñibilidade das aeronaves moi alta, o cal que non é fácil acadar nun contrato tan complexo, no que as aeronaves son obxecto de continuas revisións e mantementos e no que calquera pequena avaría supón a imposibilidade de voar .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 13:42:05
Nº Rexistro: 58789
Data envío: 31/08/2023 13:42:05.892

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 11:42:02

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 51914**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto dos microcortes de electricidade e a precariedade das conexións telemáticas que sobre a provincia de Lugo"**(publicada no BOPG número 474 do 29 de marzo de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"No que a calidade do fornecemento se refire, entre as obrigas das distribuidoras, como xestores das redes que operan, atópase a de prestar o servizo cos niveles de calidade exhibibles para o que dispoñen de sistemas de rexistro de incidencias que computarán tanto o número de horas como de número de interrupcións imprevistas que superen unha duración de 3 minutos. En base a estes valores calcúlanse os índices de calidade que permitirán establecer comparacións entre distintas zonas. A primeira das cuestións sobre as que se debe chamar a atención é a circunstancia do tipo de corte sobre o que regulamentación pon o foco, aquel cuxa duración excede os tres minutos, polo que estas interrupcións de moi corta duración quedan fóra da auscultación.

Outra das ferramentas que, de maneira indirecta ao menos, permite a esta Administración ter unha visión do servizo que as distribuidoras están a prestar son as queixas que os usuarios presentan en relación á calidade de dito fornecemento. Así, ademais de atender ao que proceda en cada caso de xeito individualizado, pódese facer unha composición de lugar sobre posibles carencias ou deficiencias. Serán estas posibles carencias as que van ser tidas en conta á hora de informar os plans de inversión que as



distribuidoras presentan anualmente podendo chegar a obrigar as empresas a incluír outras infraestruturas nese plan a prol de mellorar o servizo.

Dito o anterior, debe ser posto de manifesto que non se detectaron infraestruturas que puideran ser obrigatorias ou necesarias a raíz de queixas ou reclamacións presentadas en relación con microcortes en concellos da montaña lucense.

En calquera caso, as necesarias garantías de que todos os cidadáns accedan en igualdade de oportunidades aos servizo básicos converten o fornecemento eléctrico, e a súa calidade, nun dos asuntos aos que se presta especial vixilancia, atendendo as reclamacións coa maior celeridade posible á fin de que podan desenvolver as súas actividades cotiás con normalidade.

De feito, o fornecemento eléctrico en contornas rurais, e particularmente en zonas montañosas como é o este da provincia, vese sometido a factores que lle confiren unhas características distintas que poden chegar a condicionar o servizo que os habitantes reciben. Entre outras poderían destacarse desde a dispersión dos puntos de consumo, o que afecta directamente aos tempos de resposta para a reposición do servizo, ata a climatoloxía á que se ven expostas as infraestruturas.

Para facer fronte a estas peculiaridades son xa varios os proxectos – aínda pilotos – de instalación de bancos de baterías que permiten manter o fornecemento naqueles casos en que unha zona queda illada do resto da rede por calquera incidencia ou corte. As tecnoloxías en almacenamento de enerxía eléctrica están a experimentar un notable desenvolvemento nos últimos anos e esta solución brindará unha alternativa viable para situacións de emerxencia en zonas remotas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 12:54:52
Nº Rexistro: 58763
Data envío: 31/08/2023 12:54:52.751

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 10:54:49

CSV: BOPGDSPG-9cTYg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 51930**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o asesoramento por parte do Goberno galego á empresa promotora da planta de fibras téxtiles en Palas de Rei para acceder ás convocatorias de proxectos estratéxicos para a recuperación e transformación económica"**, (publicada no BOPG número 474, do 29 de marzo de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia esixe 'certezas' na achega de fondos europeos a proxectos tractores como os de Stellantis en Vigo, Resonac na Coruña, Altri en Palas de Rei (Lugo) e Forestal do Atlántico en Mugardos (A Coruña), entre outros.

O Goberno central está incumprindo con Galicia e coas empresas dispostas a investir na nosa Comunidade, porque non se garante que os seus proxectos dispoñan de fondos Next Generation.

Non existe unha planificación acertada por parte do Goberno central na xestión de fondos europeos, que mostra unha postura unilateral na que non axiliza a súa tramitación, e, polo de agora, non apoiou a proxectos transformadores clave para Galicia como no caso do proxecto tractor de Altri, pioneiro a nivel Europa para obter unhas 200.000 toneladas anuais de fibra téxtil sustentable en Palas de Rei.

Por outra banda, os inversores que están á espera dos fondos Next Generation coñecen perfectamente o compromiso da Xunta de Galicia con estes proxectos, e a disposición absoluta desta administración de apoiar estes investimentos.

Agora ben, o Goberno central decidiu quedarse o 100% dos fondos europeos dirixidos á industria - cando en materia industrial as competencias dependen das comunidades autónomas - e os PERTE non están a cumprir ata a data as expectativas xeradas. No seu



deseño actual obrígase á ter que presentar este tipo de iniciativas a pequenas convocatorias que non responden ás necesidades de financiamento dos seus promotores a isto súmase a lentitude na convocatoria e resolución das axudas: dos máis de 42.000M€ anunciados para os PERTE (concretamente 42.480M€ incluída a Addenda, aprobada o pasado 6 de xuño), a día de hoxe tan só se convocaron 14.918M€, é dicir, arredor dun terzo (concretamente, o 35,18%).

Ademais, con datos do 30 de xuño de 2023, o Goberno só resolveu un do 22,2% dos fondos industriais (concretamente, 9.440M€), e Galicia só ten recibido apenas un 4,5%, mentres se conceden axudas directas a outros territorios.

Por iso, desde a Xunta de Galicia levamos tempo reclamando unha mellor planificación destes fondos europeos para acompañar estas axudas ás verdadeiras necesidades do tecido empresarial e aos tempos de execución dos proxectos, traballando da man das comunidades autónomas e dos axentes económicos e sociais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2023 10:26:29
Nº Rexistro: 58496
Data envío: 29/08/2023 10:26:29.093

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2023 8:26:25

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 52004**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o plan funcional do Hospital Gran Montecelo de Pontevedra en relación á forma e as prazas do aparcadoiro"**, (publicada no BOPG número 478, do 5 de abril de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xuño 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 52006, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 503, do 8 de xuño de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:35:54
Nº Rexistro: 58363
Data envío: 28/08/2023 11:35:54.209

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:35:31

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 52017**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para de garantir a preservación da contorna do paseo do río Rato en Lugo"**, (publicada no BOPG número 478, do 5 de abril de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xuño 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 52018, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 500, do 1 de xuño de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:34:31
Nº Rexistro: 58356
Data envío: 28/08/2023 11:34:31.928

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:34:09

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 52098**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación cos contratos do servizo de transporte público de Galicia"**, (publicada no BOPG número 478, do 5 de abril de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xuño 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 52096, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 493, do 12 de maio de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:33:43
Nº Rexistro: 58354
Data envío: 28/08/2023 11:33:43.318

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:33:19

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 52205**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de elaborar un proxecto de mellora integral da estrada autonómica PO 230 entre Campo Lameiro e Serrapio en Cerdedo-Cotobade**, (publicada no BOPG número 478, do 5 de abril de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xuño 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 52203, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 500, do 1 de xuño de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:32:37
Nº Rexistro: 58351
Data envío: 28/08/2023 11:32:37.584

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:32:19

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 52344**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a fonte termal situada na contorna dos Remedios na cidade de Ourense"**, (publicada no BOPG número 480, do 12 de abril de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xuño 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 52346, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 500, do 1 de xuño de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:32:15
Nº Rexistro: 58350
Data envío: 28/08/2023 11:32:15.865

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:31:56

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 52398**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de facer cumprir os horarios estipulados coa empresa concesionaria de autobuses da liña Porriño-Vigo"**, (publicada no BOPG número 480, do 12 de abril de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xuño 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 52400, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 493, do 12 de maio de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:31:24
Nº Rexistro: 58348
Data envío: 28/08/2023 11:31:24.084

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:31:06

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 52447**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o estado de execución do proxecto aprobado no ano 2009 para evitar as inundacións do río Corrais en Serantes, Ferrol"**, (publicada no BOPG número 480, do 12 de abril de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 52448, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 493, do 12 de maio de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:30:42
Nº Rexistro: 58346
Data envío: 28/08/2023 11:30:42.631

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:30:28

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 52467**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a recuperación das rías galegas e do marisqueo"**, (publicada no BOPG número 480, do 12 de abril de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 20 de xuño de 2023, no debate da iniciativa con número de rexistro, 47015.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDJkYmVkODUtZTQ1ZC00NTNlLThjYzYtMGYxODQwMTBmMWFj&start=2326>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a diminución da produción marisqueira nas rías".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:09:06
Nº Rexistro: 58634
Data envío: 31/08/2023 10:09:06.829

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:09:03

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 52497**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodriguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a presenza de asesores nas reunións das xuntas xerais das confrarías de pescadores"**, (publicada no BOPG número 480, do 12 de abril de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 16 de maio de 2023, no debate da iniciativa con número de rexistro, 52498, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MTdkNTZjNjgtMzA4Yy00NTQ5LWFkMmQtM2EwODkxNzgzZjBm&start=2591>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a presenza de asesores nas reunións das xuntas xerais das confrarías de pescadores".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:08:57
Nº Rexistro: 58633
Data envío: 31/08/2023 10:08:57.095

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:08:54

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en PLeno, **número 52546**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os problemas de inseguridade e sinistralidade na N-541 polo transporte de compoñentes de aeroxeradores"**, (publicada no BOPG número 480, do 12 de abril de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 52544, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 500, do 1 de xuño de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:29:42
Nº Rexistro: 58343
Data envío: 28/08/2023 11:29:42.537

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:29:27

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 52663**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto da execución do programa destinado á promoción do emprego e institucións do mercado de traballo"**, (publicada no BOPG número 483, do 19 de abril de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O orzamento inicial da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social no ano 2022 ascendía a 150.057.246 €, cantidade que se incrementou ao longo do exercicio ata os 184.977.760,54 € de crédito vixente, o que implicou xestionar de forma áxil e eficaz máis dun 23% sobre o crédito inicialmente previsto.

Aínda así, o importe dos compromisos de gasto a 31 de decembro ascendía a 169.495.088,15 €, o que supón unha execución do 91,63%. E, concretamente, o programa 322C acadou unha execución do 93,58%, que se materializou a través de programas de apoio e consolidación do emprego autónomo, incentivos á contratación de colectivos con especiais dificultades de inserción no mercado laboral tanto por parte de entidades locais como de empresas e entidades sen fin de lucro (mulleres, parados de longa duración, persoas retornadas, maiores de 45 anos, mocidade, etc) ou programas de mentoring,

Polo que se refire á Dirección Xeral e Formación para o Emprego e Orientación, o seu orzamento inicial no ano 2022 ascendía a 211.245.641 €, que se incrementaron ata acadar un orzamento vixente executable ao final do exercicio de 276.283.143,20 € (+30,79%).

Os compromisos de gasto a 31 de decembro ascenderon a 221.745.566,52 €, o que supón unha execución do 80,26%. E hai que ter en conta que do importe non executado, 7,5M €



corresponden a fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia que financian actuacións cuxo prazo de execución finalizará en 2023 e 2024, polo que se reprogramaron para estas anualidades.

Sen considerar estes fondos do MRR, a execución dos programas da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación (322A, 323A e 323B) superaría o 82%.

Entre as actuacións levadas a cabo por esta dirección xeral cabe salientar os Plans de formación para persoas desempregadas e ocupadas, as actividades de orientación laboral, actuacións de microformación e recualificación específica en colaboración cos Clústers máis representativos, actuacións de mellora no Servizo Público de Emprego de Galicia (detección de necesidades formativas, formación do persoal, mellora de oficinas de emprego ...), programas mixtos de formación e contratación ou obradoiros de emprego en colaboración coas entidades locais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:28:40
Nº Rexistro: 58340
Data envío: 28/08/2023 11:28:40.756

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:28:18

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 52114**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Elena Suárez Sarmiento e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as obras que ten en marcha a Xunta de Galicia en Vilagarcía de Arousa encamiñadas a mellorar o saneamento"**, (publicada no BOPG número 474, do 29 de marzo de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xuño 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 52116, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 28 de abril de 2023, á que nos remitimos. Na súa intervención, a directora de Augas de Galicia explicou que a Xunta está a mobilizar un investimento de preto de 35 M€ para mellorar o sistema de saneamento e depuración de Vilagarcía de Arousa co fin de atallar os vertidos á ría e as inundacións. A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=OGY4OGZhZjUtM2I0Yi00NmNmLTkwZDAtNGJiNjVmYWU3NzVj&start=421](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OGY4OGZhZjUtM2I0Yi00NmNmLTkwZDAtNGJiNjVmYWU3NzVj&start=421)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=OGY4OGZhZjUtM2I0Yi00NmNmLTkwZDAtNGJiNjVmYWU3NzVj&start=1290](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OGY4OGZhZjUtM2I0Yi00NmNmLTkwZDAtNGJiNjVmYWU3NzVj&start=1290)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:33:16
Nº Rexistro: 58353
Data envío: 28/08/2023 11:33:16.021

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:32:58

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 52797**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a execución das partidas orzamentarias 312G e 313D para políticas dirixidas a conciliación e a mulleres vítimas de violencia machista"**, (publicada no BOPG número 486, do 26 de abril de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O orzamento inicial da Secretaría Xeral da Igualdade no ano 2022 ascendía a 34.085,439 €. Este importe incrementouse ao longo do exercicio en 11,3M € debido a incorporacións e xeracións de crédito, ata acadar os 45.349.558,27 € de orzamento vixente ao final do exercicio.

O importe dos compromisos adquiridos a 31 de decembro era de 32.638.069,91 €, polo que a execución sería dun 71,96% sobre o crédito vixente e superaría o 95,7% respecto do crédito inicial.

Respecto da execución do programa de gasto 312G, de apoio á conciliación, hai que ter en conta que do incremento sufrido polo orzamento inicial da Secretaría Xeral da Igualdade, 10,5M € corresponden a fondos incorporados neste programa de gasto, procedentes do exercicio 2021 do Plan Corresponsables, que non puideron executarse nese exercicio debido a que se libraron á Comunidade Autónoma a finais de ano, o que facía materialmente imposible tramitar e xestionar calquera tipo de actuación que se pretendese levar a cabo.

Por iso, en 2022, o crédito do Plan Corresponsables era o dobre do que correspondería, dando prioridade á execución dos fondos procedentes do ano 2021, e desenvolvéronse actividades de lecer, en colaboración coa Consellería de Política Social, que contribuíron á conciliación dunhas 7.000 familias galegas coa participación duns 8.080 menores de 16 anos



ao seu cargo, en especial, en períodos non lectivos e á creación de 800 empregos. Máis de 500 actividades deportivas, en colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte, para 8.000 menores en arredor de 150 concellos, o que permitiu a contratación de 250 persoas monitoras. Preto de 40 programas de conciliación en bibliotecas, arquivos e museos nas que participaron máis de 1.300 menores e, por último, as actuacións desenvolvidas en colaboración cos concellos galegos, as entidades de iniciativa social e as asociacións de pais e nais para levar a cabo programas para o fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

Polo que se refire ao programa 313D de protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero, do crédito vixente executable a finais do exercicio 2022, que ascendía a 13.973.690,78 €, adquiríronse compromisos de gasto por importe de 12.947.409,04 €, o que supón un 92,66% de execución.

Salientar que, no primeiro semestre do ano, a Secretaría Xeral da Igualdade xa iniciou actuacións por importe superior aos 37,7M € (64% do crédito vixente executable para 2023), quedando aínda un semestre para rematar o exercicio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:27:06
Nº Rexistro: 58336
Data envío: 28/08/2023 11:27:06.537

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:26:44

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 52819**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de levar a cabo un proxecto de mellora integral da PO-303 ao seu paso por Samieira en Poio"**, (publicada no BOPG número 486, do 26 de abril de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 52820, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 500, do 1 de xuño de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:25:54
Nº Rexistro: 58333
Data envío: 28/08/2023 11:25:54.099

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:25:41

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 52874**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para garantir o dereito de accesibilidade universal no transporte público metropolitano da comarca da Coruña"**, (publicada no BOPG número 486, do 26 de abril de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 52873, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 500, do 1 de xuño de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:25:13
Nº Rexistro: 58331
Data envío: 28/08/2023 11:25:13.053

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:25:01

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 52891**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as obras de saneamento que está a impulsar a Xunta de Galicia no Concello de Lalín"**, (publicada no BOPG número 486, do 26 de abril de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 52890, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 13 de xullo de 2023, á que nos remitimos. Na súa intervención, a directora de Augas de Galicia explicou que a Xunta avanza actualmente na execución das obras de renovación dos colectores e de construción dun tanque de tormentas no río Pontiñas, co compromiso de investir un total de 16 M€ na mellora do saneamento do núcleo urbano de Lalín. A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjhlODkwNTctZjAwYy00OTk0LWI2N2UtMTM3NTVlMjhlZjU5&start=333>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjhlODkwNTctZjAwYy00OTk0LWI2N2UtMTM3NTVlMjhlZjU5&start=1142>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:24:55
Nº Rexistro: 58330
Data envío: 28/08/2023 11:24:55.834

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:24:33

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 53021**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Caballero Miguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para frear o avellentamento do parque automobilístico"**, (publicada no BOPG número 489, do 3 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"No ano 2022, a Xunta de Galicia puxo en marcha o Programa Renove Automoción para fomentar a transición cara a unha mobilidade eficiente, cun orzamento inicial de 2,5 M€ que triplicaba o do ano anterior.

Posteriormente, no mes de abril, o Goberno galego ampliou en 2 M€ estas axudas ata chegar a un orzamento total de 4,5 M€.

O obxectivo desta proposta da Consellería de Economía, Industria e Innovación, é promover a substitución de vehículos de certa antigüidade por outros novos e eficientes que reduzan a emisión de gases de efecto invernadoiro e melloren a calidade do aire, tendo en conta que o parque móbil galego ten unha media de 14 anos. Así, reduciranse as emisións de CO2 nunha cantidade equivalente á acción de plantar 36.000 árbores, e favorecerase unha redución de custos de 300.000 euros anuais na mobilidade, así como dun aforro enerxético equivalente a 274.000 litros de gasóleo.

Os máis de 1.500 beneficiarios recibiron entre os 3.000 e os 4.000 euros, segundo o tipo de vehículo, dos cales o Goberno galego achega 2.000 e 3.000 euros, respectivamente, e o concesionario, 1.000 euros. A contía incrementábase nun 20% para familias numerosas, polo que os apoios puideron acadar os 3.400 e 4.600 euros.

A convocatoria incluía a adquisición de vehículos novos –turismos e furgonetas– cun custo inferior ou igual a 40.000 euros. Foi requisito imprescindible que a persoa beneficiaria



acreditase a baixa definitiva en circulación dun vehículo para achatarrar de, polo menos, dez anos no caso dos turismos e de cinco no das furgonetas. Polo tanto, entre os obxectivos está promover a substitución de vehículos de certa antigüidade por outros novos e eficientes que reduzan a emisión de gases de efecto invernadoiro e melloren a calidade do aire.

Esta nova convocatoria do Plan Renove Automoción complementa ao Plan Moves, un programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica que xestionan as comunidades autónomas e que tamén cumpre a súa terceira edición. Neste caso, apóiase a adquisición de vehículos eléctricos e de infraestruturas de recarga. Tanto o Renove Automoción como o Moves III teñen como obxectivo fomentar investimentos nunha mobilidade eficiente e sustentable que contribúa a unha redución de enerxía neste sector e a facer fronte ao cambio climático –o transporte representa o 31% do consumo de enerxía final en Galicia–.

A diferenza do Plan Moves, que só incentiva a compra de vehículos, o Renove Automoción contempla a adquisición doutras fórmulas de mobilidade eficiente.

Así mesmo, no mes do outubro de 2022 o Consello da Xunta aprobou unha ampliación das axudas para a adquisición de vehículos eléctricos ata os 40,5 M€, a través do Plan Moves III activado e xestionado pola Xunta de Galicia. Os fondos, que duplican a partida inicial, poderán empregarse tamén na instalación de puntos de recarga.

Ata finais de outubro de 2022 concedéronse 2.594 axudas por un total de 11,6 millóns de euros, que se traduciron en compravendas por valor de 77,4 millóns. A maioría das axudas, 2.121 que suman 8,8 millóns, foron para a compra de vehículos. Os restantes 2,8 millóns, distribuídos en 473 subvencións, foron a instalacións de carga. A ampliación do programa supón que os interesados poderán solicitar axudas ata o 31 de decembro do 2023

Por outra banda, á Consellería de Economía, Industria e Innovación correspóndelle a dirección e o seguimento das actuacións relativas á inspección técnica de vehículos.





Neste sentido, a inspección técnica de vehículos é un instrumento fundamental para garantir que os vehículos se atopan en boas condicións para circular polas vías públicas, por cumprir os requisitos de seguridade e de protección medio ambiental que lles son esixibles.

A norma principal que regula a actividade de ITV a nivel europeo é a Directiva 2009/40/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de maio de 2009, relativa á inspección técnica dos vehículos de motor. O obxectivo fundamental desta Directiva é manter un nivel controlado de emisións de gases de escape durante toda a vida do vehículo e garantir a retirada da circulación dos vehículos excesivamente contaminantes ata que se realice o seu debido mantemento.

Por conseguinte, un réxime periódico de inspeccións técnicas contribúe á mellora do medio ambiente e permite reducir as emisións medias dos vehículos.

Segundo datos de Supervisión y Control nos últimos cinco anos, un total de 335.020 vehículos non superaron a inspección relativa a emisión de gases contaminantes. É importante, neste sentido, que as ITV e o CTAG impulsen en Galicia o desenvolvemento de proxectos innovadores que melloren a seguridade viaria e que fagan que os vehículos contribúan á sustentabilidade do medio ambiente.

Reducir ao máximo o impacto ambiental dos vehículos é un dos obxectivos que permite a nova normativa para a Inspección Técnica de Vehículos (ITV). Os técnicos analizan o sistema de diagnóstico a bordo (On Board Diagnostics, OBD) cunha máquina de lectura que detectará con claridade erros, avarías, fallos informáticos ou fraudes. Se unha parte do sistema de tratamento de gases non está conectada ou funciona de maneira incorrecta (por exemplo avaría na válvula EGR, cuxa misión é reducir as emisións de óxidos de nitróxeno) a lectura do OBD será errónea e o resultado da proba, un suspenso por "defecto grave".

En base aos resultados das inspeccións técnicas, a maior antigüidade maior é a taxa de rexeitamento en ITV.

Tal e como se indica no informe "Contribución da Inspección Técnica de Vehículos (ITV) á



seguridade viaria e ao medio ambiente”, emitido pola Universidade Carlos III de Madrid:

- Nas inspeccións de vehículos turismo obsérvase que a medida que aumenta a antigüidade do vehículo o número de inspeccións favorables diminúe e o número de inspeccións desfavorables e negativas aumenta.

- No caso dos ciclomotores, o 86% dos vehículos rexeitados por defectos graves ten unha antigüidade de máis de 10 anos; o mesmo comportamento obsérvase cos defectos moi graves que alcanzan unha porcentaxe do 84%.

- Os resultados desfavorables e negativos aumentan a medida que aumenta a antigüidade do parque: o 85% dos vehículos de transporte de mercadorías lixeiros que foron rexeitados na inspección de ITV tiñan máis de 10 anos.

En definitiva, a inspección técnica de vehículos cuxas actuacións dirixe a Consellería de Economía, Industria e Innovación xoga un papel clave á hora de axudar a retirar de circulación aqueles vehículos cuxas emisións excedan os límites marcados pola normativa, e polo tanto contribúen a rexuvenecer o parque móbil da nosa comunidade autónoma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:23:51
Nº Rexistro: 58327
Data envío: 28/08/2023 11:23:51.068

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:23:39

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 53047**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os prazos para a execución das obras do novo colector xeral para mellorar o sistema saneamento municipal de Burela"**, (publicada no BOPG número 489, do 3 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 53046, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 12 de maio de 2023, á que nos remitimos. Na súa intervención, a directora de Augas de Galicia explicou que a Xunta licitou, por importe de 4,7 millóns de euros, as obras do novo colector xeral de Burela. Segundo indicou, a previsión é adxudicar as obras a finais de ano para poder comezar coa súa execución a principios do vindeiro. A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGM3YjliZGEtYjU3MS00MDkxLWI1YWEtODExMzY5MzBiNDg5&start=5889>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGM3YjliZGEtYjU3MS00MDkxLWI1YWEtODExMzY5MzBiNDg5&start=6913>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:23:35
Nº Rexistro: 58326
Data envío: 28/08/2023 11:23:35.865

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:23:25

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 53067**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade respecto das demandas dos propietarios afectados pola execución da senda peonil da AC-552 na Laracha"**, (publicada no BOPG número 489, do 3 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 53068, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 500, do 1 de xuño de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:22:54
Nº Rexistro: 58324
Data envío: 28/08/2023 11:22:54.724

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:22:34

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 53157**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as incidencias do servizo de transporte do alumnado do Instituto de Educación Secundaria Félix Muriel, de Rianxo"**, (publicada no BOPG número 489, do 3 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 53158, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 503, do 8 de xuño de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:22:00
Nº Rexistro: 58321
Data envío: 28/08/2023 11:22:00.162

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:21:50

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 53169**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a execución orzamentaria da Consellería do Mar nos últimos anos"**, (publicada no BOPG número 489, do 3 de maio de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 6 de xuño de 2023, no debate da iniciativa con número de rexistro, 53168, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZGY1ZjkxMzgtYTUyZC00ZWYwLWEzYTktOWZiNTViNWJkZjZk&start=6616>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a execución orzamentaria da Consellería do Mar nos últimos anos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:08:42
Nº Rexistro: 58631
Data envío: 31/08/2023 10:08:42.673

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:08:39

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 53242**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os vertidos nos ríos Mera e Baleo que desembocan na ría de Ortigueira-Ladrido"**, (publicada no BOPG número 489, do 3 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 53240, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 521, do 10 de xullo de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:21:21
Nº Rexistro: 58319
Data envío: 28/08/2023 11:21:21.318

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:21:12

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 53366**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia no ámbito da seguridade no traballo en relación coa transición dixital, demográfica e ecolóxica"**, (publicada no BOPG número 492 do 10 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia aprobará no vindeiro mes de setembro a Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027 (EGSST 23-27) elaborada xunto cos axentes sociais nunha interlocución na que se incorporaron ao texto as achegas recibidas e que acadou o máximo consenso coas organizacións sindicais e empresarial. Polo tanto, si dispón o Goberno galego dun marco estratéxico nesta materia que aborda tanto as cuestións que afectan a prevención de riscos laborais como a promoción da saúde no traballo, co gallo de avanzar cara a consecución progresiva do benestar laboral e consolidar a calidade no emprego.

Esta nova estratexia galega ten como referencia os recentes marcos europeo e español, neste último, Galicia tivo un papel destacado representando na súa elaboración e negociación ás restantes comunidades autónomas.

A estrutura da estratexia, que leva como anexo un estudo da evolución da sinistralidade laboral, recolle ao seu inicio uns principios informadores transversais entre os que figura a perspectiva de xénero e a igualdade laboral, que é de aplicación a todas e cada unha das actuacións, medidas e obxectivos estratéxicos que conforman o documento froito do consenso cos interlocutores sociais e que servirá para priorizar accións nesta materia a medio prazo.

En resumo, este documento de consenso introduce unha visión de dar resposta aos novos riscos que se poden derivar das novas formas de traballo, nunha etapa de profunda transformación e polo tanto si contempla os riscos derivados das transformacións



ecolóxica, dixital e climática á que fai referencia a cuestión primeira desta pregunta. Ao tempo que quere dar resposta aos riscos tradicionais para combater a sinistralidade laboral tanto no referente aos accidentes de traballo como ás enfermidades profesionais. En concreto e para dar contestación á cuestión quinta da pregunta, débese indicar que os sectores mencionados (servizos, construción, industria, agricultura ou pesca) son actividades de actuación prioritaria con accións concretas que den resposta aos seus riscos e á súa sinistralidade específica e polo tanto si son tidos en conta dunha maneira singular e dende o punto de vista técnico co rigor científico necesario nas distintas disciplinas preventivas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:21:01
Nº Rexistro: 58317
Data envío: 28/08/2023 11:21:01.053

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:20:48

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 53400**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Gonzalo Caballero Miguez, sobre **"a achega da Administración autonómica aos Fondos Europeos NextGeneration-EU"**, (publicada no BOPG número 492, do 10 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia esixe 'certezas' na achega de fondos europeos a proxectos tractores como os de Stellantis en Vigo, Resonac na Coruña, Altri en Palas de Rei (Lugo) e Forestal do Atlántico en Mugardos (A Coruña), entre outros.

O Goberno central está incumprindo con Galicia e coas empresas dispostas a investir na nosa Comunidade, porque non se garante que os seus proxectos dispoñan de fondos Next Generation.

Non existe unha planificación acertada por parte do Goberno central na xestión de fondos europeos, que mostra unha postura unilateral na que non axiliza a súa tramitación, e, polo de agora, non apoiou a proxectos transformadores clave para Galicia como no caso do proxecto tractor de Altri, pioneiro a nivel Europa para obter unhas 200.000 toneladas anuais de fibra téxtil sustentable en Palas de Rei.

Por outra banda, os inversores que están á espera dos fondos Next Generation coñecen perfectamente o compromiso da Xunta de Galicia con estes proxectos, e a disposición absoluta desta administración de apoiar estes investimentos.

Agora ben, o Goberno central decidiu quedarse o 100% dos fondos europeos dirixidos á industria - cando en materia industrial as competencias dependen das comunidades autónomas - e os PERTE non están a cumprir ata a data as expectativas xeradas. No seu deseño actual obrígase á ter que presentar este tipo de iniciativas a pequenas convocatorias que non responden ás necesidades de financiamento dos seus promotores a



isto súmase a lentitude na convocatoria e resolución das axudas: dos máis de 42.000M€ anunciados para os PERTE (concretamente 42.480M€ incluída a Addenda, aprobada o pasado 6 de xuño), a día de hoxe tan só se convocaron 14.918M€, é dicir, arredor dun terzo (concretamente, o 35,18%).

Ademais, con datos do 30 de xuño de 2023, o Goberno só resolveu un do 22,2% dos fondos industriais (concretamente, 9.440M€), e Galicia só ten recibido apenas un 4,5%, mentres se conceden axudas directas a outros territorios.

Por iso, desde a Xunta de Galicia levamos tempo reclamando unha mellor planificación destes fondos europeos para acompañar estas axudas ás verdadeiras necesidades do tecido empresarial e aos tempos de execución dos proxectos, traballando da man das comunidades autónomas e dos axentes económicos e sociais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2023 10:25:53
Nº Rexistro: 58491
Data envío: 29/08/2023 10:25:53.562

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2023 8:25:50

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en PLeno, **número 53419**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e don Daniel Pérez López, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir o emprego do persoal da sala de despece do grupo SADA no matadoiro do concello de Castro de Rei"**, (publicada no BOPG número 492 do 10 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Non se ten constancia oficial de ningún ERTE ou ERE presentado pola mercantil á que fai referencia a pregunta. De selo caso o mesmo se tramitaría conforme ao disposto no Estatuto dos Traballadores e demais normativa de aplicación estudándose se as razóns alegadas son reais ou non".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:20:15
Nº Rexistro: 58315
Data envío: 28/08/2023 11:20:15.021

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:19:58

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 53590**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o proxecto de saneamento de augas residuais nas parroquias de Tapia, Piñeiro e Troitosende, de Ames e a Baña"**, (publicada no BOPG número 494, do 16 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 53589, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 521, do 10 de xullo de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:18:58
Nº Rexistro: 58311
Data envío: 28/08/2023 11:18:58.256

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:18:47

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 53723**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, sobre **“o traballo desenvolvido pola sociedade Impulsa dende o seu nacemento”**, (publicada no BOPG número 496, do 24 de maio de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A Sociedade Impulsa Galicia é unha sociedade en cuxo capital participan a Xunta de Galicia (40 %), Abanca (38 %), Reganosa (12 %) e Sogama (10 %); polo que, de acordo coa normativa vixente, a sociedade non forma parte do sector público autonómico.

A Sociedade Impulsa Galicia é un instrumento de colaboración público-privada que naceu para responder ao gran reto de transformación do tecido produtivo da Comunidade galega aproveitando a oportunidade dos fondos Next Generation.

De feito, o cometido de Impulsa Galicia é axilizar e facilitar a execución de todas as fases de proxectos industriais estratéxicos susceptibles de ser implantados en Galicia para xerar riqueza e emprego, acompañando aos socios líderes de cada un deles, e incorporándoos ao tecido empresarial galego.

Esa é, precisamente, a actividade principal da sociedade: o impulso e desenvolvemento de proxectos empresariais estratéxicos con capacidade de dinamizar o cambio cara a unha Galicia máis verde e unha Galicia máis dixital.

Este impulso lévase a cabo cunha serie de actuacións:

- Identificando oportunidades en Galicia.
- Captando investimentos.
- Consequindo socios industriais.
- E promovendo a colaboración entre institucións públicas e privadas para acompañar o desenvolvemento dos proxectos.



O capital inicial dunha sociedade fíxase en atención a unha serie de parámetros, especialmente ás estimacións do seu plan de negocio que, neste caso, consiste en analizar e impulsar proxectos de centos de millóns de euros, que xerarán milleiros de empregos na economía galega, polo que debe ter suficiente capacidade económica para asumir uns gastos de operación para este labor.

Pola súa parte, os ingresos e gastos, reflectidos nas contas anuais, derívanse das actividades propias da sociedade.

Por outra parte, en relación ás retribucións dos membros do Consello de Administración, comité executivo e alta dirección, cómpre salientar que ningunha das persoas que forman parte deles en representación das sociedades que participan no seu capital, incluída a Xunta de Galicia, perciben retribución algunha pola dita participación.

En canto aos proxectos impulsados, desde abril de 2021, data de constitución da sociedade, téñense dado importantes pasos en firme en proxectos xa coñecidos no ámbito da economía circular, como é o proxecto de xeración de biogás e fertilizantes a partir do aproveitamento do excedente de xurros; na dixitalización, co proxecto de construción dun gran centro de datos que dará servizo a todas as empresas e administracións galegas; así mesmo estase a impulsar a enerxía verde co proxecto dunha central de hidróxeno nas Pontes; e co proxecto pioneiro da fábrica de fibras téxtiles a partir da madeira certificada dos nosos bosques, búscase a sustentabilidade de sectores tan importantes para Galicia coma son o forestal e o téxtil.

De forma xeral, todos os proxectos en carteira de Impulsa Galicia son susceptibles de encaixe nos PERTES, xa que beben do espírito Next Generation, e foron concibidos desde un principio en base aos principios de dixitalización e sustentabilidade.

Así que en Galicia fíxose o que pedía Europa para optar aos fondos de recuperación: converter a colaboración público privada nunha ferramenta esencial para que os fondos cheguen de maneira efectiva á economía real e faciliten a creación de emprego.

E, efectivamente, participouse en numerosas reunións co Goberno central, de distintos ministerios, e tamén da Comisión Europea, co fin de presentar os proxectos e tratar de obter fondos dos distintos PERTES anunciados polo Goberno estatal.





É un bo sinal que existan proxectos industriais estratéxicos que xa están en tramitación, dos que foron identificados pola Sociedade Impulsa, polo que é indubidable que o resultado para Galicia da posta en marcha desta sociedade é moi positivo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:08:14
Nº Rexistro: 58627
Data envío: 31/08/2023 10:08:14.173

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:08:11

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en PLeno, **número 53861**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o poder adquisitivo actual dos salarios do sector siderometalúrxico da provincia de Lugo"**, (publicada no BOPG número 499 do 31 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O convenio referido na pregunta xa foi inscrito no REGCON en data 10.07.23 e publicado no diario oficial correspondente o día 14/07/23".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:18:13
Nº Rexistro: 58308
Data envío: 28/08/2023 11:18:13.146

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:17:52

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 53863**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa aplicación por parte da Comisión Europea da ampliación das zonas de veda ás artes de fondo"**, (publicada no BOPG número 499, do 31 de maio de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 20 de xuño de 2023, no debate da iniciativa con número de rexistro, 53862, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDJkYmVkODUtZTQ1ZC00NTNlLTJhYzYtMGYxODQwMTBmMWFj&start=6522>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as actuacións que actualmente está levando a cabo a Xunta de Galicia, así como as que pensa adoptar en diante, respecto da aplicación por parte da Comisión Europea da ampliación das zonas de veda ás artes de fondo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2023 10:07:59
Nº Rexistro: 58625
Data envío: 31/08/2023 10:07:59.595

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/08/2023 8:07:56

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 53892**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os proxectos de Navantia que motivan o seu interese por instalarse en Punta Langosteira, na Coruña”**, (publicada no BOPG número 499, do 31 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“O naval galego ten ante si un reto: diversificar a súa actividade e xerar novas oportunidades de negocio, entres elas a eólica mariña. Un segmento no que levamos moitos anos traballando en Galicia ata chegar a ser un referente nacional e internacional nesta industria, que xa emprega a unhas 1.200 persoas na Comunidade e que, sobre todo, ten o potencial de chegar ata as 8.000 se se logra impulsar un desenvolvemento compatible coa xa actividade existente, nomeadamente coa actividade pesqueira.

E todo isto ten o seu epicentro na Ría de Ferrol dado que aí se iniciou hai nove anos a fabricación dos primeiros jackets para o parque eólico mariño de Wikinger, precisamente da man de Windar e Iberdrola, e dado que esta alianza ten previsto contratos por máis de 1.000M€ e fabricar 133 plataformas deste tipo.

Unha colaboración, polo tanto, moi positiva para a dinamización socioeconómica de Ferrolterra e o conxunto de Galicia, que segue viva coa sinatura entre Iberdrola, Windar e Navantia dun acordo marco de colaboración para a fabricación e subministración de 130 cimentacións tipo monopile XXL, en xullo de 2021.

A raíz deste acordo, púxose en marcha unha fábrica para subministrar estas estruturas nos terreos do estaleiro de Navantia en Fene (A Coruña) e xa ten o seu terceiro pedido en menos dun ano, confirmándose como provedor deste tipo de cimentacións a escala internacional.

Así, o primeiro pedido de 14 monopiles chegou xa en xullo de 2022 para o parque eólico



Moray West en Escocia, xerando 280.000 horas de traballo e unha media de 150 empregos directos ao mes. Este contrato tivo continuidade co asinado hai escasos catro meses entre o consorcio de Navantia-Windar con Iberdrola para a fabricación de 45 monopiles para o parque eólico de East Anglia 3, en Reino Unido, sendo o maior contrato deste tipo de cimentacións ata esa data, o que supón 900.000 horas durante 15 meses (450 empregos), pero incluso este volume de contrato veuse superado polo recente para un total de 77 cimentacións dun parque eólico en Polonia, o que suporá 1,5 M de horas de traballo durante 2 anos (450 empregos).

Ademais, a alianza Navantia-Windar non só se está a dedicar á fabricación de monopiles, que é o único proveedor europeo con capacidade para producir os 3 tipos de cimentacións mariñas: monopiles, jackets e estruturas flotantes.

Pero para poder participar neste mercado con garantía de éxito e xerar novos empregos, lóxicamente cómpre adaptar as instalacións do estaleiro de Fene para incrementar as súas capacidades de fabricación.

Neste senso, é totalmente lóxico que unha industria adapte as súas instalacións en función dos pedidos e, polo tanto, do mercado, e se eliminen unhas estruturas polas que hai xa 20 anos que non se desliza ningunha plataforma, para ter o espazo necesario para ampliar o negocio da eólica mariña, un sector claramente en expansión, que pode garantir o emprego e a xeración de riqueza na comarca de Ferrolterra.

Acerca do interese de Navantia por instalarse en Punta Langosteira, non se trata de ningún traslado, senón que o potencial de desenvolvemento da eólica mariña fai necesario seguir tendo novos espazos e seguir producindo.

E, nese aspecto, xa a propia empresa sen ten pronunciado en varias ocasións indicando que se trata de actuacións complementarias e que as estruturas de grande tamaño seguirán fabricándose en Navantia Fene, pero a ensamblaxe deberá facerse no porto exterior da Coruña porque no estaleiro de Fene non se poden finalizar por falta de espazo e incluso por





cuestións técnicas (concretamente pola carga portante do terreo). Así mesmo, tamén se ten transmitido que esta actuación non suporá reducir a actividade en Fene, senón todo o contrario. Dispoñer destas instalacións complementarias fará posible que Navantia opte e consiga máis contratos, con estruturas incluso de maior envergadura, e iso redundará en máis horas de traballo e, polo tanto, máis emprego tamén en Ferrolterra.

En relación ao polígono de Vilar do Colo, cómpre destacar primeiro os requirimentos deste tipo de instalacións, para a construción, estruturas de ata 110 metros de lonxitude, 2.000 toneladas e diámetro de máis de 11 metros, no caso do último pedido, así como as necesidades de transporte por barco, o que non cumpre un polígono como Vilar do Colo.

A Xunta de Galicia sempre está comprometida non só co mantemento do emprego en Ferrolterra, senón co seu incremento a través do aumento de carga de traballo na industria naval, e o que temos claro é que a fabricación de compoñentes para a eólica mariña no estaleiro de Fene non é unha ameaza, senón máis ben o contrario, é unha oportunidade única para Ferrolterra, única tamén agora para a Comarca da Coruña e única para o conxunto de Galicia.

Con respecto á valoración sobre a compra da empresa Windar por parte do fondo de investimento británico Bridgepoint e, como ten comunicado a empresa Windar, tratábase dunha operación necesaria para poder seguir adiante co seu ambicioso plan empresarial, entre o que se atopan as actuacións sobre as que estaba a responder na miña primeira intervención

Neste sentido, desde a Xunta de Galicia amosamos o noso respecto polas decisións empresariais, en especial a aquelas que se encamiñan precisamente para crecer e mellorar a súa competitividade, como parece ser este caso, porque iso se traducirá en creación de emprego e xeración de riqueza en Galicia.

Finalmente, en relación co incidente ocorrido o pasado mes de maio, trátase dun suceso que está actualmente baixo investigación e, polo coñecido, as dúas compañías (Navantia e



Windar), por suposto, puxéronse a disposición das autoridades laborais e xudiciais, así que haberá que agardar a que finalice estes procedemento para esclarecer as súas causas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:17:47
Nº Rexistro: 58307
Data envío: 28/08/2023 11:17:47.443

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:17:28

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 54168**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a postura da Xunta de Galicia respecto da negativa do Comisionado do Corredor Atlántico a convocar unha reunión urxente coa Comunidade Autónoma de Galicia"**, (publicada no BOPG número 506, do 14 de xuño de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego reclamou en diversas ocasións ao Goberno central e directamente ao Comisionado do Corredor Atlántico a celebración dun encontro para abordar a execución desta infraestrutura ferroviaria de gran relevancia para os intereses da nosa Comunidade Autónoma.

O Goberno galego considera lamentable que, varios meses despois do seu nomeamento, o Comisionado non teña interlocución co Executivo autonómico e, tras confirmarse que o Goberno de España non presentou os pertinentes proxectos, que tampouco haxa fondos europeos para o desenvolvemento do Corredor Atlántico".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:16:49
Nº Rexistro: 58304
Data envío: 28/08/2023 11:16:49.349

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:16:28

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 54341**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o alcance e a natureza do estatuto definido no título V do proxecto de lei para a igualdade de mulleres e homes de Galicia para abordar o conxunto de problemas da muller no rural"**, (publicada no BOPG número 510, do 21 de xuño de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes que se está a tramitar no Parlamento nace co obxectivo de seguir a situar a Galicia na vangarda da busca da igualdade laboral, para actualizar e unificar nunha mesma norma as actuacións e medidas para a loita contra a discriminación múltiple e os ataques sexistas á muller, e referendar o compromiso coa formación profesional e o emprego feminino de calidade.

O proxecto inclúe, no seu Título V, un Estatuto das mulleres rurais e do mar que inclúe unha relación propia de dereitos e co que se defenderá o compromiso de atender ás súas necesidades nas políticas de emprego, na conciliación, na prevención de riscos laborais e da violencia e acoso no traballo agrario e do mar, se fomenta a súa visibilización e participación nos plans de desenvolvemento rural e pesqueiro e nas organizacións agrarias e marítimo-pesqueiras, así como a promoción do seu asociacionismo.

O proxecto de lei tamén crea e regula o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar que ten entre as súas funcións a de recompilar, analizar e intercambiar información relevante que permita un mellor coñecemento da situación das mulleres rurais e do mar na comunidade autónoma, así como detectar as súas particulares necesidades. Para isto, o Observatorio contará cunha Sección específica dedicada ás mulleres rurais e outra dedicada ás mulleres do mar.



Durante a tramitación do anteproxecto de lei, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade enviou o texto para que realizasen as súas achegas, non só a todas as consellerías da Xunta de Galicia, senón tamén a organizacións sindicais e empresariais, universidades, á Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e ás entidades máis representativas de colectivos profesionais como autónomos, mulleres do mar e do medio rural, entre outros.

Salientar tamén que, en liña con esta actuación, o VIII Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027, aprobado o 19 de maio de 2022, aborda a través dun eixe transversal a ruralidade e no ámbito 4 do programa de liñas de acción recóllense medidas para avanzar na Igualdade de oportunidades para as mulleres rurais e do mar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:15:29
Nº Rexistro: 58301
Data envío: 28/08/2023 11:15:29.256

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:15:15

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 54409**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o poder adquisitivo dos salarios dos convenios colectivos do comercio de alimentación e da limpeza da provincia de Lugo”**, (publicada no BOPG número 510, do 21 de xuño de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O convenio de comercio de alimentación foi presentado para a súa inscrición no REGCON o día 4.07.23 sendo requirido para subsanación e presentada a mesma o día 3 de agosto polo que en breve procederase a súa inscrición definitiva e posterior publicación.

Polo que respecta ao convenio colectivo de limpeza considérase como cuestión previa que a administración autonómica non debe inmiscuírse nas negociacións que se manteñen entre patronal e traballadores e iso en aplicación do artigo 82 do ET que define aos convenios colectivos como o resultado da negociación desenvolta polos representantes dos traballadores e dos empresarios, expresión do acordo libremente adoptado por eles en virtude da súa autonomía colectiva. Por outra banda recórdase que o Consello Galego de Relacións Laborais é o foro de encontro para o diálogo institucional entre as organizacións sindicais e empresariais sendo un dos seus principais obxectivos facilitar acordos en materia laboral, e en concreto, é promotor da negociación colectiva a través do seu apoio material e técnico ás



mesas de negociación e as comisións paritarias dos convenios colectivos, podendo acudir a mesmo en calquera tipo de conflito laboral e recabar o seu asesoramento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:14:06
Nº Rexistro: 58297
Data envío: 28/08/2023 11:14:06.474

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:13:54

CSV: BOPGDSPG-9cTYg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 54470**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodriguez, sobre **"a posición da nova dirección da Consellería do Mar respecto do conflito provocado pola recollida de mexilla"**, (publicada no BOPG número 510, do 21 de xuño de 2023, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 28 de xuño de 2023, no debate da iniciativa con número de rexistro, 45914, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjQxMjl2NmYtYzFmYi00ZDg4LTkxY2EtODQ1YTQ4MGlyMTE5&start=11502>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as previsións en relación coas medidas que limitan a extracción da mexilla".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2023 11:23:08
Nº Rexistro: 58517
Data envío: 29/08/2023 11:23:08.405

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2023 9:23:05

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 54654**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmela González Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o papel do Goberno galego para impulsar unha solución ao conflito do sector do metal da provincia de Pontevedra"**, (publicada no BOPG número 514, do 28 de xuño de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O convenio colectivo foi asinado o día 3 de agosto entre a patronal e os sindicatos UXT e CIG".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:12:22
Nº Rexistro: 58292
Data envío: 28/08/2023 11:12:22.615

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:11:59

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 54674**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o criterio do Goberno galego respecto da realización dun estudo das necesidades do mercado laboral en Galicia"**(publicada no BOPG número 514 do 28 de xuño de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, conta desde novembro de 2021 coa Axenda galega de Capacidades para o Emprego, sendo a segunda rexión europea en por en marcha unha Axenda en liña co modelo da Axenda Europea das Capacidades.

Logramos establecer un cambio radical no enfoque da formación para o emprego, superando o modelo de oferta formativa definida desde o público e construíndo un novo, baseado no diálogo permanente co sector empresarial para identificar rápida e eficazmente necesidades non cubertas e despregar políticas para cubrilas, acercando a formación para o emprego ás necesidades reais dos sectores produtivos.

Neste marco de colaboración, esta Axenda comezou a súa andadura despregando unha iniciativa de traballo coas empresas e os axentes sociais, a través de mesas



de traballo nas que analizamos o Catálogo de Especialidades Formativas, que comprende máis de 4.000 especialidades e que rexe a oferta formativa para o emprego en toda España.

Esta Axenda galega conta cunha serie de obxectivos enmarcados por tres grandes medidas:

- Pacto polas capacidades: cos seguintes obxectivos:
 - Xeración dun ecosistema de capacitación no que:
 - As empresas tractoras disponibilicen os seus contidos formativos propios a través del Campus Virtual de Formación para o Emprego.
 - Haxa unha relación fluída con empresas, agrupacións empresariais, etc. que permita activar axilmente procesos colaborativos orientados a:
 - Definición de plans de cooperación sectoriais a través de formación modular e itinerarios particularizados
 - Acompañamento na dobre transición verde e dixital
 - Identificación de sectores e áreas prioritarios
- Dixitalización do Servizo Público de Emprego de Galicia (Emprego Galicia), que permitirá:
 - A vixiancia automática do mercado laboral
 - Detección de tendencias futuras
 - Estimación da empregabilidade
 - Medición de impacto real de estratexias e accións

Así mesmo facilitará:

- A comprensión da empregabilidade das persoas a través do perfilado holístico
- A análise das necesidades das empresas e a identificación de gaps competenciais entre oferta e demanda





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

- A posta en marcha de servizos dixitais integrados, proactivos e personalizados centrados nas empresas e nas persoas usuarias dos servizos

- A medición de impacto das accións desenvolvidas tanto desde a perspectiva da satisfacción de necesidades das empresas como da mellora da ocupabilidade das persoas

- Capacitación ao longo da vida e capacitación a demanda, a través das seguintes accións:

- Conta individual de formación: Unha vez que a persoa dispoña dun certificado que acredite as súas capacidades, ten que poder comunicalas ao demandar un emprego así como tamén poder continuar a súa aprendizaxe e poder dispoñibilizalas en calquera momento.

- Microcredenciais para valorar as capacidades e coñecementos: Implementar un modelo de acreditación de coñecemento, experiencia e capacidades modular que permita a valoración de cada unha das competencias das persoas traballadoras

- Plataforma de valorización do talento: Desenvolver unha plataforma que permita as empresas buscar o talento que necesitan aproveitando a información da conta individual de aprendizaxe e/ ou as microcredenciais que posúen as persoas

- Bonos formación: Implementar un modelo de bonos de formación que permita a as persoas traballadoras financiar a capacitación que requiren, adaptándose as súas necesidades e obxectivos. Esta medida ten unha dobre vertente, en tanto que beneficiará a persoas traballadoras ocupadas e tamén a desempregadas.

A día de hoxe, estas tres medidas están xa en proceso de implantación, contando ademais con financiamento de los fondos europeos como é o caso das medidas relativas á capacitación ao longo da vida e capacitación a demanda,



concretamente os bonos formación para a mellora das capacidades das persoas traballadoras ocupadas, denominados Bonos Talento Empresa, mediante a realización de accións formativas de corta duración de carácter sectorial e especializado e que esta cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

Esa medida está previsto que se complete tamén coa posta en marcha da modalidade de bonos formación para persoas traballadoras desempregadas que opten por realizar unha formación que lles permita acceder a postos de traballo que a día de hoxe requiren de algún tipo de carné ou habilitación para o desempeño da actividade correspondente. A título de exemplo citar: carné profesional de operador/a de guindastre torre, carné profesional en instalacións térmicas de edificios, certificado de aptitude profesional das persoas condutoras (CAP).....”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 11:11:55
Nº Rexistro: 58291
Data envío: 28/08/2023 11:11:55.865

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2023 9:11:52

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 54866**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodriguez, sobre **"as consideracións do Goberno galego ante a alerta de caída da produción marisqueira nas rías galegas"**, (publicada no BOPG número 519, do 6 de xullo de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 11 de xullo de 2023, no debate da iniciativa con número de rexistro, 54867, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OGUwN2JhNmMtZGYyOS00MDJhLTg3NjEtOTdlMGU1OWQ1N2Qy&start=5452>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as súas consideracións ante a alerta da caída de produción marisqueira nas rías galegas, especialmente na ría de Arousa".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2023 11:22:54
Nº Rexistro: 58515
Data envío: 29/08/2023 11:22:54.358

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2023 9:22:47

CSV: BOPGDSPG-9cTyg6iz-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

